

Entrevista a José Luís López López, de TDP, alcalde do Páramo dende 2019

Continuamos a serie de entrevistas cos rexedores municipais falando con José Luís López López, alcalde do Páramo dende o ano 2019, quen comenta o seu labor diario á fronte do Concello. López leva poucos anos dirixindo do Goberno local e considera o rural como un dos mellores sitios para vivir aínda que a pandemia complicou o asentamento de poboación. Defende como un dos motores da economía local as festas de primavera, a agricultura e a gandaría. O rexedor expón nesta entrevista tanto os seus proxectos de futuro como a súa faceta máis persoal. **Pax. 17**

Preparados para a música

O cartel do Esmorga Fest, cunha vintena de grupos, abrirá no mes de abril a tempada de bo tempo e as citas culturais de primavera da comarca



O festival Esmorga Fest volta a Sarria co seu formato habitual o vindeiro 1 e 2 de abril, despois de que o ano pasado tivera que reducirse e trasladarse ao antigo campo de rugby do Chanto por mor da pandemia. Así, volverán dúas xornadas cargadas de bo ambiente e música arreo que acollerán a un público con ganas de pasalo ben respectando as medidas de seguridade. Este evento serve como inicio de todas as celebracións que a primavera traerá á vila. O cartel está protagonizado por unha vintena de grupos que buscarán transmitir emocións e sentimento. **Pax. 2**

sarria. A reparación da presa do Toleiro realizarase no verán. **Pax. 2**

láncara. Arranxarán cinco pistas e unha rúa da Pobra co Plan Único. **Pax. 12**

O incio. Os orzamentos aumentan respecto ao pasado exercicio. **Pax. 14**

samos. O contrato da renovación eléctrica ten dous interesados. **Pax. 14**

paradela. O viveiro de empresas modifica o regulamento. **Pax. 16**

páramo. O pavillón polideportivo contará con placas solares. **Pax. 16**

triacastela. O subministro eléctrico será mellorado por 900.000 euros. **Pax. 18**

O metal volve ao Buril de Sarria



A cita musical será o 9 de abril. **Pax. 5**

Campaña polo Día do Pai



Os comerciantes repartirán 200 euros. **Pax. 8**

Volve a cita musical do Incio



Retomarán o Festival Terra Brava o 13 de agosto. **Pax. 14**

Tomé toma posesión como presidente lucense do PSOE

José Tomé Roca foi proclamado Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo no IV Congreso Provincial socialista. Como obxectivos marcouse os de "consolidar as alcaldías, conseguir outras novas,

manter a Deputación e, con toda esa forza municipalista, axudar a renovar o Goberno central e a recuperar o Goberno da Xunta de Galicia, que tanta falta lle fai a este país". **Pax. 9**

Pack Familia
Internet
Fibra Óptica 600Mbps
2 liñas móbiles
chamadas **Ilimitadas**
24Gb de Datos
Teléfono Fixo
Televisión
59€
*Engade mais liñas móbiles desde 6,90€

Pack Económico
Internet
Fibra Óptica 100Mbps
1 liña móbil
chamadas **Ilimitadas**
15Gb de Datos
35€
*Engade mais liñas móbiles desde 6,90€

INTERNET **MÓBIL** **FIXO** **TV**

ITS SARRIA
C/ Calvo Sotelo 192, Baixo. 27610 Sarria (Lugo). Tel.: 982 093 000
info@its.gal / facebook.com/ITSarria / @its.comunicacions / www.its.gal

Prezos finais con IVE incluído. Chamadas limitadas con uso razoable, máximo 3000 minutos ou 150 destinos distintos. O servizo de teléfono fixo inclúe 500 minutos de chamadas a fixos e 60 minutos a móbiles. pack TV inclúe 80 canais en aberto, pódense vincular ata 3 dispositivos e dispón de 60 horas de gravacións en 30 días. Alta gratis suxeita a permanencia de 12 meses. Se o cliente solicita a rescisión dos servizos ou se dá de baixa antes dos 12 meses de permanencia, terá unha penalización máxima por incumprimento de 120€ (IVE incluído).

SARRIA

Volve a Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración



Imaxe dun dos postos habituais da feira

Volve a Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración a Sarria. Despois de dous anos de parón, a celebración será os días 7 e 8 de maio e manterá a súa localización na Rúa Porvir.

A data habitual desta celebración era o primeiro fin de semana de abril, coa recuperación das actividades retómase esta feira de antigüidades malia que a data será posposta un mes, sendo o 7 e 8 de maio. Isto débese a que en abril a climatoloxía soe ser adversa polo que buscan consolidar a cita no mes de maio. Nesta edición celebra a súa 25 edición polo que se aproveitará para presentar a súa nova imaxe.

A rúa Porvir de Sarria destaca pola concentración de negocios do sector na mesma, por iso esta é a localización perfecta para esta feira.

Foi no ano 2020 cando a Feira

cumpriu 25 anos de vida, porén, a situación sanitaria impediu a súa celebración que se levará a cabo nesta edición.

O mercado contará con establecementos da localidade como Lola Ribeira, Manuel Calzada, Porvir 39-Carmen Rodríguez e Echevarría e Hermanos Carabanas. Tamén contará coa presenza dalgúns expositores do mercadillo Quilate e outros alleos a Sarria. A feira estará aberta de 11.00 a 20.00 horas e será completada con outras actividades.

Os visitantes desta feira, considerada como unha das feiras de antigüidades, restauración e coleccionismo máis importantes que se celebra en toda a comarca, terán a oportunidade de visitar numerosos postos de anticuarios onde poderán adquirir libros curiosos, láminas, xoias ou mobles de época.

A reparación da presa do Muíño do Toleiro farase no verán

O veciño de Sarria Pablo López Barrera, que xa se encargou da limpeza e acondicionamento do Muíño do Toleiro, levará a cabo tamén o arranxo da presa do Toleiro.

Esta presa, que se atopa no paseo do Malecón está en malas condicións desde fai tempo presentando unha fochanca, isto supón que de non repararse, puidera romper. O propietario xa conta coas autorizacións correspondentes e esperará ata os meses de verán cando o nivel de auga sea máis baixo para realizar a obra.

O paseo do Malecón de Sarria é un dos lugares máis transitados e con máis historia da vila, chea de terrazas, de comercios e de vida, ao tratarse na súa maioría de establecementos de hostalaría. O tramo central apareceu por promoción privada de Basilio Gayo e Fernando Rubal, que foron os encargados de parcelar o leiro de Batallón e pór un muro de contención entre a ponte do Toleiro e a presa do muíño do Toleiro. Máis tarde, continuaron as obras na zona pero, desta vez, feitas polo Concello de Sarria que fixo o tramo da ponte de Ferro e a ponte do Toleiro, así coma o tramo dende a presa do muíño ata ponte Ribeira.

Así pois, o Malecón é o encargado, ademais, de albergar nada máis e nada menos que unha construción que data de finais do século XII, o muíño do Toleiro. Esta infraestrutura fun-



O Muíño do Toleiro no seu estado actual

cionou ata o ano 2000, ano no que se atopaba nun estado de conservación óptimo e no que sarriaos e sarriás disfrutaban dun pedazo de historia na vila.

ANTECEDENTES. A Consellería de Industria, dirixida por Fernando Blanco, decidiu adquirir o inmovible e o terreo no ano 2007 por un importe de algo máis de 780.000 euros. Ese ano, dende a administración autonómica, anunciaron que a súa idea era crear no lugar un albergue para peregrinos, así coma o Centro da Unesco en Sarria. A idea continuou e, nese mesmo ano, deuse a coñecer o proxecto para rehabilitar o lugar.

Sen embargo, ese proxecto nunca se levou a cabo e o edificio caeu no esquecemento. Anos despois, no 2015, fíxose un con-

venio entre a entidade autonómica Xacobeo e o Concello de Sarria na que se lle cedía o emprego do muíño a este segundo interesado por 25 anos para rehabilitalo e darlle uso cultural e turístico, algo que tampouco chegou a ocorrer.

De feito, tan só un ano despois, o goberno local decidiu rescindir o contrato, algo que dende o Xacobeo non se soubo ben e que se resume en que os anos seguiron pasando e ningunha das entidades realizou ningunha actuación para que o inmovible non continuara co seu deterioro.

En outubro do 2020, parte da cuberta caeu deixando o interior do inmovible ao descuberto acelerando o desgaste do interior polas condicións atmosféricas, algo que se sumou á ventás rotas e a paredes en mal estado.

O colectivo cultural Xacobeo Sarria Rutas organiza unha excursión a Gijón o día 20

O Grupo Xacobeo Sarria Rutas organiza unha nova excursión para o día 20 de marzo a Gijón, Asturias. A saída será ás 6.00 horas dende Sarria e ás 6.30 horas dende Lugo. A praza pódese reservar ata o día 17 de marzo.

O prezo dos socios será de 42 euros mentres que os non socios deberán abonar 44 euros. Este custe inclúe o desprazamento, unha guía oficial, comida e seguros.

Os participantes visitarán pola mañá a cidade de Gijón, capital da Costa verde, a ruta contará con guía

oficial durante o percorrido das principais rúas e lugares emblemáticos, seguido de tempo libre para desfrutar o ambiente comercial.

A comida será típica nun Llagar, lugar típico da zona. Tras isto, pola tarde, os excursionistas visitarán e farán unha pequena ruta polo Parque de San Lourenzo que conta cunhas vistas maravillosas do mar Cantábrico dende os seus miradoiros.

Para realizar a reserva ou solicitar máis información pódese contactar a través do número 609 027 518.

Catro bandas de metal actuarán no Buriil o día 9

O Buriil acollerá un total de catro bandas para ofrecer unha xornada de música, ocio e lecer. A cita será o 9 de abril e a entrada terá un custe de 8 euros. O público poderá desfrutar de Earth Drive, No Chilling siesta boys, Fractura e Al final solo habrá ceniza.

Earth Drive é unha banda portuguesa que fai música do xénero space metal. O cuarteto formouse no ano 2007 en Montijo, a partir dese momento foron construíndo unha carreira sólida no underground do país veciño formando

parte de coñecidos festivais como Woodrock ou Stonefest. O seu son pesado, visceral e escuro tórnase cálido gracias á aportación dunha melódica voz feminina.

No Chilling siesta boys é un grupo de hardcore punk procedente de Ourense que está formado por Adrián Rego na voz e na guitarra, Pablo Manuel Pérez na guitarra, Jaguar Von no baixo e Julio Bouzo na batería. Na súa corta traxectoria compartiron cartel con outros grupos como Kings Of The Beach, Ash Is A Robot, Cuchillo de Fuego,



Corrosive ou Vieitor.

O anfitrión da cita é Fractura GHC unha banda de Vigo que lle dará o toque death metal. Por último, os coruñeses Al final solo habrá cenizas, unha nova banda que xurdiu en plena pandemia. AFSHC está formado por Zalo na batería e voz e Edu na guitarra e voz.

Conta atrás para o Esmorga Fest

Unha vintena de bandas levarán a súa música á vila de Sarria os días 1 e 2 de abril, outro esperado festival que regresa

O Esmorga Fest de 2022 celebrárase os días 1 e 2 de abril e xa se poden adquirir as entradas para esta nova edición que suma un día na súa celebración. En poucas horas esgotáronse as entradas que tiñan o prezo máis reducido e, na actualidade pódense adquirir a un prezo de 35 euros.

Xa está confirmado o cartel do festival no que o cabeza será **El Columpio Asesino**. É esta unha das bandas máis importantes e influíntes do pop alternativo nacional; con gran proxección en Latinoamérica, por onde viran desde 2004. **Vulk** representa o futuro do rock vasco, sen querer esquivar o arraigamento a bandas como Dut, Lisabö, Borrokan. Unha nova vangarda que tampouco escapa dos focos externos.

Apartamentos Acapulco segue consolidando esa relación que conecta ambos universos nunha illa no medio do océano, un lugar cheo de melodías onde existen as guitarras, as cancións que lle cantan ao amor e ao desenfrento e a brisa perpetua dos referentes do indie internacional dos 90 s que nunca se marcharon e aos que tanto lles gusta defender.

Shego é unha agrupación formada por Maite, Raquel, Irene, e Aroa. A banda nace en Madrid como un proxecto de amigas ensaiando no salón ata que toma a forza necesaria para converterse nunha banda que pasan desde o punk e o pop, ata sons máis electrónicos. Mocidade, frescura, letras afiladísimas e toneladas de talento enriba do escenario.

La Élite é un dúo de synth-punk de Lérida composto por Nil Roig e David Burgués, dous amigos aos que lles une o seu gusto polo punk e a new wave dos 70 e 80. As súas le-

tras falan de escenarios con “moita policía e pouca diversión”, de amores fracasados, de bailar en garitos. Pola súa parte, **Cala Vento** é unha agrupación formada por Joan y Aleix dous amigos de L’Empordà que se xuntaron en 2015. Esta formación de dúo de guitarra, batería e voz, que algunhas veces pode soar como unha rabiosa banda de cinco membros e outras, como un intimista cantautor a pé de rúa, forma parte do cartel.

Marta Knight é unha artista que a pesar da súa mocidade, percorreu un bo número de escenarios cativando a crítica e público e aos seus 21 anos xa se está forxando un nome na escena independente. O seu inspirador indie rock e folk e todo o demais e a súa habilidade para compoñer melodías extraordinarias encandilarán ao público. Dende Madrid chega **Dharmacide** e **Boneflower**, dúas bandas que deixará namorada aos festivaleiros no mes de abril.

Raquel e Ane conformaron o grupo **Pinpilinpuessies**, despois de que as súas mentes conectaran pola paixón compartida cara a música. O grupo comezou case de maneira paralela as súas clases de batería marcándose un obxectivo, dar al menos un concerto ao mes. No mes de abril estarán no Esmorga Fest.

Le Temps Du Loup é un grupo madrileño integrado por Hannibal na guitarra. Nacho no baixo e Álvaro na batería. A súa música navega polas augas do “post metal”.

Le Boom é unha das apostas internacionais. Este grupo ten orixe en Irlanda e caracterízase pola súa música indie. O seu próximo álbum rastrea os altibaixos dun verán de festas en casa: latas nas mans, zoando ao redor dun altafalante bluetooth



Imaxes de David Tombilla de edicións anteriores do festival e o cartel deste ano

tras as súas persoas favoritas.

The Haunted Youth é unha das promesas musicais europeas. Esta banda con sede en Hasselt toca pop psicodélico con cancións que falan sobre a desesperación a esperanza e a sensación de ser un inadapto incomprendido.

Desde Madrid chega **La Paloma** unha banda afincada afincada en Tetúan (Madrid) formada por Juan, Rubén, Nico e Lucas. Este proxecto naceu na pandemia e finalmente se puxo en marcha a comezos de 2021 co único obxectivo de ser unha ban-

da que evoluciona e fai cancións que lles gusta aos seus integrantes. O Esmorga Fest acollerá tamén ao dúo formado por Álex Mera e Pablo López chamado **Rayotaser**. Estes dous artistas tratan de achegar o synthpop á electrónica con moita personalidade.

A banda de rock alternativo **Juanita Dinamita** tamén forma parte destas últimas corporacións. **El chico López** é o proxecto de Gonzalo que naceu en Bos Aires e reside en Sarria. Dende os seus comezos en 2018 presentou diferentes sinxelos na vila e,

en abril, será parte dos músicos que participen no Esmorga Fest.

O encargado de tocar música electrónica será **Pálida** que fusiona ambiente, techno, noise e psicodelia en sesións intensas e hipnóticas que crean unha catarse colectiva co público.

John Axiom é un ourensán que comezou de dj na súa cidade natal e que pouco despois comezou a facer a súa propia música electrónica.

Para completar totalmente o cartel, os asistentes ao festival contarán coa actuación do **DJ. Don Gonzalo**.



VA

VEIGUELA ABOGADOS

TARJETAS REVOLVING

¿ESTÁS AFECTADO?

SI TIENES UNA TARJETA DE CRÉDITO CON PAGOS APLAZADOS, CONSULTA CON NOSOTROS SI PUEDES RECLAMAR LA CANCELACIÓN DEL CONTRATO Y RECUPERAR LO PAGADO DE MÁS

1ª CONSULTA GRATUITA

Llámanos: 982 228 606

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 📞 982 228 606

📍 veiguelabogados
 f veiguela abogados

“O BNG demostrou que ten esa capacidade transformadora”

Efrén Castro é o voceiro nacionalista no Concello de Sarria

Como describiría o goberno actual de Sarria?

Eu creo que errático e con falta de proxecto. Esta é a marca da maioría dos gobernos independentes. O que fai falta é un goberno con proxecto a longo prazo para Sarria e, o actual, eu creo que o adocece.

Que necesidades presenta a vila na actualidade?

A ordenación urbanística. Estamos sen PXOM e sen o Plan Especial de Protección do casco histórico, que no mandato anterior intentamos aprobar e non puidemos. Tamén é preciso a humanización de espazos, creación urxente de solo industrial, recuperar para Sarria programación cultural de primeiro nivel como a que houbo no mandato pasado e outras cousas máis intanxibles como volver a sentirse orgulloso de ser Sarria. Eu creo que temos moito potencial turístico e rural e non se está sacando partido do mesmo.

Como está a traballar o BNG neste eido?

No BNG temos proxecto de futuro para Sarria, polo tanto nós traballamos en abordar con valentía os retos urbanísticos da nosa vila, para dotar a Sarria dunha ordenación adecuada ao ano no que vivimos. Tamén estamos a traballar en propostas que humanicen os espazos urbanos dándolle prioridade ás persoas porque está demostrado que isto ademais de facer máis agradable a vida reactivan o comercio local e a economía. En canto a programación cultural contamos coa experiencia de cando estivo Mónica López ao fronte de cultura, tiñamos das mellores programacións culturais das vilas do tamaño de Sarria e ademais, eramos referente en programas de educación afectivo sexual ou na loita polo feminismo, tristemente a maioría destes programas desapareceron, dende a oposición non se pode facer programación cultural pero si facemos propostas e tratamos de

que colaboren institucións como a Deputación a través da área de Cultura. No eido turístico temos que aproveitar o que xa temos e potencialo creando por exemplo rutas que poñan en valor o patrimonio románico que temos.

Cal é a principal motivación do BNG de Sarria?

O principal é traballar para a veciñanza. Seguir avanzando na mellora da vida dos veciños de Sarria, avanzar na igualdade, no feminismo, defendendo os valo-

res do BNG e tratar de que Sarria se converta nunha vila moderna e orgullosa de si mesma.

mo moderno onde priman as persoas por riba dos vehículos e iso é un obxectivo principal. Ademais, está demostrado que alá onde se implanta o modelo do BNG, a idea de vila moderna con preferencia para as persoas xera unha reactivación da economía. Un exemplo disto é Allariz, a única vila de Ourense que non perdeu poboación, outro gran exemplo é Pontevedra que está a centrar todos os titulares internacionais. Facemos que unha vila sexa máis cómoda repercutindo así no comercio local.



res do BNG e tratar de que Sarria se converta nunha vila moderna e orgullosa de si mesma.

Que obxectivos marcarían a folla de ruta do BNG se chega ao goberno?

É vital modernizar as nosas normas. Levan moitos gobernos sen modificacións. Moitas veces si que houbo interese político no cambio das mesmas e se paralizou por parte da oposición e, outras moitas, como nesta non hai interese por parte do goberno. Eu creo que a marca do BNG como se pode ver en cidades como Pontevedra e Lugo é avanzar na humanización dos espazos. O BNG cando chega ao goberno é capaz de transformar as vilas e levalas a un urbanis-

En que están a traballar na actualidade?

Agora mesmo estamos traballando en facer unha oposición construtiva e en positivo. As últimas mocións que levamos a pleno foron pola defensa duns servizos ferroviarios deste século, Sarria adocece de comunicacións ferroviarias decentes, os tempos de comunicación coas cidades galegas son escandalosos así como a falta de frecuencia de trens que ademais viuse agravado pola covid. O deputado do BNG Nestor Rego tamén levou iniciativas para defender un tren do século XXI no parlamento de Madrid. E tamén acabamos de defender unha moción para aprobar bonificación do IBI e do



ICIO para aqueles veciños que aposten pola instalación de placas solares para autoconsumo enerxético que reduzan a pegada de carbono e axuden a mellorar a economía familiar.

A política local dáche unha proximidade e trato directo coa veciñanza que che transmite problemas do día a día, esa proximidade e a posibilidade de mellorar o noso pobo é o que máis desfrute do Concello.

De cara as eleccións do ano 2023, encabezarás as listas do BNG?

O BNG é unha organización asemblearia e tocaralle a asemblea decidir quen encabeza. No BNG de Sarria levamos moitos anos cunha época tranquila e de paz interna, a asemblea decidirá o mellor para Sarria e para a nosa organización. Ao contrario do que pasa noutros partidos no BNG de Sarria non estamos centrados en liortas internas.

Que diría vostede que é o punto máis desaproveitado de Sarria?

Sarria, ten que ser o motor económico da comarca e para iso hai que traballar en dotala de chan industrial, seguir a potenciar o referente turístico que somos e seguir a potenciar eventos culturais e deportivos como descenso urbano, O gran Camiño, Esmorga fest etc, este tipo de actuacións situados no mapa como un referente a nivel galego e estatal.

Cales son os puntos fortes do BNG en Sarria?

Os nosos puntos fortes é ter un proxecto, o BNG en todas as vilas nas que goberna demostrou que ten un proxecto e que ten esa capacidade transformadora. Somos un grupo de persoas traballadoras que o que nos motiva e construír e activar Sarria para levala ao nivel no que debe estar.

Cal é a maior preocupación do BNG de Sarria?

Todos estes anos que leva a vila á deriva que pasan gobernos sen proxectos a longo prazo para Sarria. Nós cremos que a política local ten que ter claro cara onde quere avanzar. Sarria necesita un goberno encabezado polo BNG, para levar tódalas transformacións das que estamos a falar con valentía e sen complexos para sacar a Sarria do vagón de cola e convertela no referente que debe ser.

Cal foi a maior decepción do BNG co goberno actual?

Creo que a maior decepción tivo que ver con certas mocións centradas en medidas de axuda aos sectores máis afectados pola pandemia que se aprobaron por unanimidade e non chegaron a converterse en realidade.

Que é o que máis desfruta do Concello?



O contrato do ximnasio da piscina queda novamente deserto

O Concello de Sarria sacará por terceira vez a licitación do subministro da maquinaria de equipación do ximnasio da piscina climatizada ao quedar deserta a segunda convocatoria.

Este contrato inclúe o abastecemento do material deportivo, de musculación e cardiovascular. Ademais, deberá encargarse do control do acceso as piscinas. A licitación é de 237.000 euros e terá unha duración de catro anos.

Ao segundo concurso presentáronse catro empresas, pero as súas ofertas non cumprían os pregos técnicos

marcados polo que a mesa de contratación declarou que o procedemento quedara deserto ao non haber ningunha proposta que cumprira as condicións establecidas.

A primeira vez que se convocou esta licitación foi en outubro, nesta primeira convocatoria presentáronse dúas firmas que finalmente non cumprían os criterios marcados polos pregos técnicos. Desta forma, en novembro declarouse deserto o concurso e volveuse licitar en decembro, de novo sen acadar o resultado esperado.

O contrato establece nas súas bases

que o ximnasio ten que dispor de tres zonas unha cardiovascular que terá que ter 11 equipos como elípticas, cintas e bicicletas. A segunda, de ciclismo indoor que terá que contar con 16 bicis mentres que a terceira zona, a de musculación terá que ter nove unidades de equipamento de forza e outras nove de peso libre.

Tamén está en proceso de adjudicación o contrato dos servizos das piscinas tanto a exterior como a interior do Chanto, por unha contía de 310.817 anuais e un período de dous anos.

A Casa dos Ulloa estará rehabilitada antes de outubro

Adjudicadas as obras de rehabilitación da Casa dos Ulloa situada na Rúa Maior de Sarria. Esta edificación levaba en titularidade pública dende o ano 2005 e trala súa rehabilitación, que conta cun orzamento de 313.365 euros, serán pisos de alugueiro social.

A empresa adjudicataria é Sunne Galiza, que foi a que presentou a mellor oferta das dúas que mostraron interese no concurso. Rebaixou o presuposto inicial en 20.000 euros e ofertou un menor prazo de execución dos traballos. O período de tempo inicial era de 270 días e Sunne Galiza rebaixouno a 200.

O edificio terá que estar listo antes de outubro debido a que, o Instituto Galego de Vivenda e Solo así o marca nas bases desta actuación. Esta entidade aporta unha



achega de 240.000 euros que se completa con outra axuda do Grupo de Desenvolvemento Rural Miño-Ulla de 102.755 euros.

O edificio dividirase en cinco pisos e un baixo para uso municipal. Na planta baixa haberá dous pisos, na primeira outros dous e un na bufarda. Estes pisos terán ente 66 e 83 metros cadrados.

En setembro de 2019 a Casa dos

Ulloa foi vítima dun incendio que puido ser intencionado e que obrigou a levar a cabo traballos de consolidación para arranxar os danos que provocou o lume.

Este novo proxecto conta co permiso de Patrimonio, necesario ao estar este edificio no casco histórico e no Camiño Francés.



O edificio da polémica

Alivio para os veciños que loitaron para evitar o derrube da súa casa

Sobre o inmovible do número 70 da rúa Calvo Sotelo de Sarria caía unha orde de derribo parcial que finalmente non se levará a cabo. Isto foi o resultado do auto que declarou o xuzgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo despois de que o edificio sufrira as obras de legalización.

Este edificio que contén 24 vivendas, tres baixos e unha entreplanta levaba carrexando este problema durante 20 anos.

A cuestión comezou despois de que un veciño denunciara que a pendente do tellado e a altura da entreplanta non se adecuaban á licenzia concedida no ano 1995. Naquel momento, o Tribunal de Xustiza de Galicia ordenou as demolicións pertinentes para cumprir a norma. Pasados os anos, sen executar ningún tipo de obra o Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo ordenou ao Concello a demolición oportuna.

No ano 2013, a comunidade de propietarios presentou un proxecto de legalización ao modificarse as normas subsidiarias do plantexamento urbanístico, neste proxecto tamén se contemplaban obras na cuberta do edificio para adecuarse as normas. As licenzias foron denegadas no ano 2017 polo que os veciños se viron obrigados a recorrer, despois desta loita o xuzgado deulle a razón e o Concello a licenzia de obra no ano 2020.

Trala execución das obras tanto o Concello coma os veciños xustificaron no Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo a imposibilidade de levar a cabo a demolición debido á recente legalización do inmovible declarando así a inexecución da sentenza.

Con esta sentenza ponse fin a 24 anos de incertidume entre os veciños que vían perigar as súas vivendas.

Un tramo da estrada LU-P-5602 pasa a ser competencia do Concello de Sarria

A Xunta autorizou a transferencia ao Concello de Sarria dun tramo da estrada provincial que pasa por Aguiada. Este tramo comunica Sarria, Pintín e Samos, trátase de 467 metros da LU-P-5602.

O cambio de titularidade supón que as competencias do mantemento e conservación pasan a ser do Concello. Dende o momento que se faga efectiva a transferencia será o Concello o encargado de manter en boas

condicións dita estrada.

Para poder realizar o cambio foi necesario unha afirmación previa da Deputación provincial. Trala aprobación de tódalas administracións competentes incluída a Xunta de Galicia, terá efectos dende o día seguinte da publicación do mesmo no DOG. Por este cambio será agora o Goberno local o encargado de facer as reparacións e actuacións que considere necesarias como propietario.

Sarria solicitará unha axuda para o servizo de atención temperá

O Concello de Sarria solicitará á Xunta de Galicia unha subvención de 148.000 euros para a prestación do servizo de atención temperá que será destinado a toda a comarca sarriá.

Na actualidade, este servizo está sendo financiado polo propio concello que se encargou de darlle continuidade ao mesmo despois de que finalizara a axuda autonómica o 31 de outubro. A nova licitación comprenderá o período do 1 de novembro ata o próximo 31 de outubro do presente ano 2022. O encontro na Xunta de Goberno de Sarria tamén foi a cita na que se aprobou a adhesión ao progra-

ma de vixilancia e control fronte a vespa velutina. Outro punto a discutir nesta reunión foi a licitación para desprazar unha rede de gas en Ramón Cabanillas, un paso necesario para continuar coa obra da pasarela do Mazadoiro.

O servizo de atención temperá de Sarria está formado por un mestre psicomotricista, unha psicóloga, unha logopeda e unha pedagoga, especializados en nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 6 anos, nos que exista unha sospeita dalgún trastorno do desenvolvemento, ou risco de padecelo e, tamén as súas familias.



Unha imaxe do río Sarria

A ruta das Aceas e a Ribela son novos núcleos de estudo da CHMS

A ruta das Aceas de Sarria e a Ribela son os novos núcleos de estudo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Esta entidade está a elaborar un proxecto para probable pasarela peonil en Ribela que levarían consigo a mellora e arranxo dos camiños ata a ruta das Aceas de Sarria.

Un experto realizou a visita pertinente para analizar a situación e preparar así a viabilidade da construción dunha ponte peonil na contorna do estadio de fútbol. Ata o ano 2000, o lugar contaba cunha ponte que foi destruído por unha gran riada acontecida nese mesmo ano. No proxecto actual, a pasarela contaría con máis altura que a antiga para evitar que ocorra o mesmo en caso de que se produza unha subida

no caudal do río. A infraestrutura tería dous metros de ancho e tería unha forma cóncava.

Ademais, este estudo conta tamén co arranxo de dous camiños que levan ata o roteiro de sendeirismo das Aceas, un dende o estadio de fútbol e o outro na zona do cuartel da Garda Civil.

Asemade, os técnicos tamén teñen previsto a instalación dun azud no río Sarria na zona do Chanto. Isto permitiría que no verán fose unha zona de baño, ocio e desfrute para os veciños. Na actualidade, a presa atópase en mal estado e é responsabilidade do seu propietario particular o seu arranxo. Neste senso barallase unha presa de quitar e poñer facilitando unha nova zona de baño para os sarriaos.

Alumnos do IES fixeron un traballo de investigación no río Sarria

O alumnado do IES Xograr Afonso Gómez realizou durante unha semana un traballo de investigación sobre a contaminación por microplásticos no río Sarria.

Foron os alumnos e alumnas de 1º de bacharelato, coa súa profesora de Física e Química, os que realizaron unha toma de mostras do río Sarria en distintas zonas. Esta actividade enmarcada dentro do Club de Ciencia e dentro da participación na plataforma Generación Eco, contou coa colaboración de Aulas Libera (un programa de educación ambiental). Unha monitora ambiental guiou o proceso de filtrado, etiquetaxe, etc das mostras tomadas. A análise realizarase por dúas vías, unha no propio instituto e outra compartirase cun equipo de científicos "Hombre y territorio" e deste modo obteranse datos sobre a contaminación.

Os resultados obtidos serán enviados ao Concello de Sarria.

Este tipo de actividades enmárcanse nun programa de iniciativas que fomentan a concienciación e as boas prácticas co medio ambiente.

MURAL. O IES Xograr Afonso Gómez realizou unha serie de actividades que fomentan a concienciación e as boas prácticas co medio ambiente. O alumnado gozou de dúas actividades enmarcadas dentro dos plans e proxectos de Educación Medioambiental e sostibilidade que ten en marcha o centro. Nesta ocasión a través de Afundación realizaron dous talleres que mesturaron cultura, creatividade e coidado do medio ambiente.

Nos obradoiros utilizaron pinturas



Arriba, os rapaces, nos labores de campo e, abaixo, o novo mural

fotocatalíticas anticontaminación, que absorben o CO2 do ambiente, trátase de pinturas que non só non contaminan, senón que ademais absorben e depuran os contaminantes que hai no aire, coma os óxidos de nitróxeno e outros gases contaminantes da industria e o tráfico rodado (cada metro cadrado desta pintura equivale ao efecto depurativo que achega ao medio ambiente unha árbore adulta). De aí o nome da actividade "Plantando árbores con pinceis".

Esta innovadora iniciativa tivo como obxectivo achegar ao estudantado unha mensaxe positiva sobre o coidado do medio ambiente, propoñendo alternativas de lecer que fomentan o respecto ao medio natural a través da arte, cunha metodoloxía participativa e colaborativa.

O primeiro taller foi de pintado de bolsas de tea e cada alumno/a plasou un deseño que realizou previamente na clase de Debuxo. O segundo taller consistiu na realización dun mural artístico colaborativo.

O PP presenta unha moción sobre o uso das cámaras de seguridade

Os concelleiros do grupo popular de Sarria presentarán unha moción pola instalación de cámaras de seguridade que aínda non se levou a cabo.

En maio de 2021 o Concello anunciou que estaba a estudar a instalación de cámaras de seguridade co fin de proporcionar tranquilidade e seguridade aos seus veciños e visitantes, cámaras que gravaban matrículas de vehículos, non persoas.

Nese anuncio facíase referencia a que os dispositivos buscaban dar unha solución de seguridade

e evitar así roubos.

O anuncio estaba precedido dun acordo plenario de fai máis de dous anos, polo que se aprobaba a instalación de cámaras de seguridade ante os roubos que sufriron negocios e empresas na vila.

Ao longo deste tempo o PP levou adiante diversas iniciativas plenarios para que o Goberno cumprira o acordado. Pese a isto, os roubos continúan producíndose de maneira periódica nas distintas empresas sarriás sen que se avance na instalación de ditas



medidas de seguridade.

Ademais, o PP afirma que diversos empresarios da vila trasladáronlles a súa preocupación polo escaso número de efectivos da Garda Civil reclamando que se aumente o persoal no cuartel de Sarria e na Comarca.

O PP solicita a construción dun paso elevado no Mazadoiro

O PP de Sarria traslada no pleno do Concello ao goberno municipal, a petición dos veciños do barrio do Mazadoiro e a zona da Estación do tren de instar a ADIF a recuperar a través dunha pasarela o paso peonil cortado en dita zona.

Esta zona do ferrocarril na vila, na saída do Lázaro en dirección á estrada de Paradela é un camiño moi utilizado polos veciños. Con anterioridade, este lugar contaba cun paso que quedou cortado e, que a día de hoxe, seguen usando os sarriaos e sarriás do Mazadoiro e da zona da estación de tren.

Por este motivo, dende o Grupo Popular instan ao goberno municipal a que se poña en contacto con Adif para darlle solución



O paso do tren no Mazadoiro

aos veciños mediante a construción dun paso elevado. O rexedor de Sarria, Claudio Garrido descartou a iniciativa debido a que xa se vai construír unha pasarela preto do lugar.

O PP aproveitou esta última

sesión plenaria para preguntar polo reintegro da subvención da Xunta de 9.000 euros para o servizo de conciliación. Esta achega tivo que ser devolta debido ao fraccionamento do contrato.

Convocan novos cursos de natación na piscina climatizada

O Concello de Sarria abriu o prazo de preinscrición para os novos cursos na piscina climatizada. Entre as actividades atópanse o curso de iniciación para adultos, curso de aquagym, curso de bebés e curso de nenos.

A preinscrición deberá realizarse na OMIX do Concello chamando ao teléfono 982 535 000 entre os días 3 e 10 de marzo.

A duración destes cursos será de tres meses dando comezo na semana do 14 de marzo e rematando na semana do 13 de xuño de 2022.

O curso de iniciación para adul-



tos ofrece catro datas. A primeira sería os martes e xoves de 10.00 horas a 10.30 horas, a segunda os martes e xoves de 10.30 a 11.00 horas, a terceira os sábados e domingos de 11.00 a 11.30 horas e, a última os mércores e venres de 20.00 a 20.30 horas.

O curso de aquagym será os martes e xoves de 20.00 a 20.30 horas. Mentres que o curso para bebés será os sábados e os domingos de 11.00 a 11.30 horas. O curso para os nenos será os sábados e domingos de 10.00 a 10.30 horas.

Sarria súmase ao reto Ecoembes para incrementar a reciclaxe

Os veciños de Sarria únense ao reto proposto pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xunto con Ecoembes co fin de reciclar e eliminar os residuos de maneira eficiente.

A campaña que deu comezo o 1 de marzo, estenderase ata o 31 de maio. Para colaborar, os veciños de Sarria deberán botar os seus envases lixeiros como latas, briks e envases de plástico no contedor amarelo. Se con esta iniciativa se incrementa nun 10% a reciclaxe destes residuos respectos aos mesmos meses do ano pasado o

concello pode gañar un premio de 2.000 euros para doar a unha causa social. No Concello de Sarria a entidade beneficiaria será Hospitaleros sin Fronteras.

Nesta páxina podes obter máis información e as indicacións a seguir para facer unha reciclaxe efectiva <https://uneteaoreto.com/>.

HOSPITALEROS SIN FRONTERAS.

É unha ONG coa que se pretende servir axudar ás familias desfavorecidas das zonas rurais de África. A ONG creouse despois dunha viaxe a M'Bour, unha cidade no sur



de Senegal onde viron a situación de precariedade e pobreza á que se enfrontaban os seus habitantes.

Os Way Watchers do colexio da Merced visitaron o Concello



O pasado venres visitaron o concello os Way Watchers, alumnos do Colexio da Merced. Demostraron estar moi comprometidos coa importancia do Camiño de Santiago e propuxéronlle ao alcalde accións necesarias para a mellora do roteiro xacobeo ao seu paso por Sarria. Tralo encontro o Concello agradece a preocupación e interese deste grupo polo camiño. Afirmar que todas as iniciativas que lles propuxeron son necesarias. E confirma que aquelas nas que ten autoridade están xa a traballar nelas malia que non todas son da súa competencia. Os Way Watchers son alumnos de 2º da ESO que están a traballar en diferentes propostas para facer o Camiño dun xeito máis sostible e mellorar o entorno próximo ao centro. Tamén presentaron os chalecos que levan en cada saída mensual que realizan dentro do proxecto

Mirando polo Camino.

O alumnado de 2º de ESO, transformase en Vixiantes do Camiño e encárganse de facer unha limpeza e acondicionamento do Camiño na contorna da escola.

O Camiño de Santiago e o tránsito dos peregrinos son unha imaxe cotiá para os alumnos/as do colexio de La Merced de Sarria, quen agora convertese en gardiáns da ruta xacobeá para concienciar aos peregrinos sobre o coidado e limpeza deste histórico itinerario. Neste proxecto que leva máis de 4 anos integrado no centro, o alumnado realiza a retirada de lixo, repintado de frechas ou limpeza de sinais con graffitis ou adhesivos. Ademais, os alumnos conciencianse da importancia do patrimonio artístico que existe na contorna do centro como a Igrexa do Salvador ou Mosteiro da Magdalena.



Remata a campaña de San Valentín coa entrega de premios

A Asociación de Comerciantes fixo entrega dos premios aos gañadores da campaña de San Valentín *Celebremos o Amor*. O pasado venres, a man inocente de Lola encargouse de sacar ao azar as papeletas premiadas na campaña levada a cabo durante os días previos a San Valentín.

Para poder participar no sorteo, as persoas tiñan que ter realizado algunha compra nos establecementos asociados da vila no período da promoción entre o 1 de febreiro ata o 14 do mesmo mes.

Como resultado, Carmen Maside,

Samuel, Miriam López e Conchita Rivera gozarán das súas ceas en compañía no Hotel Alfonso IX, El Parisien, Restaurante Rome e Restaurante O Descando.

Nesta ocasión foron Ara moda, A Rosareira Cepsa, Herboristería Linva e Colorín Colorado Sarria os comercios que repartiron sorte entre os veciños. As persoas gañadoras das ceas sorteadas contan cun amplo prazo para escoller o día no que gozar do premio, debido as condicións especiais que existen actualmente pola crise sanitaria con motivo da covid.

Reparten en Sarria e Chile exemplares de '100 Caminos 100 Relatos'

A Asociación Amigos do Camiño de Sarria leva unha semana repartindo o resultado dun proxecto conxunto co Círculo Chileno de Amigos del Camino.

No ano 2020 xusto antes de comezar a pandemia ambas asociacións irmandáronse e crearon así un vínculo cun obxectivo común, promover e fomentar o Camiño de Santiago, co confinamento, para seguir mantendo vivo o espírito do Camiño sacaron adiante un concurso no que os peregrinos tiñan que realizar un relato breve sobre o camiño, este non debería ter máis de 100 palabras.

Na primeira convocatoria recibiron 738 traballos de 40 países diferentes, dada a alta participación, no ano 2021, repetiuse o concurso obtendo 576 relatos de 33 países.

Para coñecer os gañadores, fíxose unha selección cega dos mellores relatos, finalmente estes foron avaliados por un tribunal internacional que lle deu o galardón a Claudio Puppi de Italia, Masachika Hirayama de Xapón, Idoia Planillo de España e Andrés Massott de Venezuela na primeira convocatoria. E, a Virgilio



Jorge con exemplares do libro

Montero de Chile, José Francisco Castillo de México, Verónica Pannait de Rumanía e Gayle Johnson de Nova Zelandia, na segunda convocatoria de 2021.

Os premiados recibiron como recoñecemento unha medalla cun Santiago peregrino imaxe do irmanamento entre as asociacións.

Cos 100 mellores relatos de cada concurso editáronse un total de 10.000 libros co título *100 Caminos 100 relatos*, que se están a repartir de maneira gratuíta na sede da Asociación de Sarria e en Chile.

A Asociación de Comerciantes repartirá 200 euros polo Día do Pai

A Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria (ACES)- CCU desenrola dende hoxe xoves día 10 ata o día 19 de marzo, a campaña promocional con motivo do día do pai. Todos os clientes dos establecementos asociados da vila de Sarria que realicen algunha compra durante estes días, cubrirán uns boletos cos seus datos e poderán gañar un dos cinco vales que se sortean (2 de 50 euros e 3 de 30 euros).

Co lema "¡Mercar para o pai no comercio asociado ten premio!" pónense en xogo case douscentos euros, esta iniciativa ten como finalidade premiar as persoas que merquen no comercio asociado. Trátase da terceira campaña do Centro Comercial Urbano de Sarria neste ano, na que se procura dar valor ao comercio local da vila, dinamizando un comercio de calidade-proximidade-atención. Esta iniciativa ten como obxectivo



principal impulsar e facer promoción do comercio de proximidade nun momento moi complexo para as vendas; con precaución e seguindo todos os protocolos de seguridade fronte ao Covid-19. Os establecementos participantes pertencen na súa maioría ao sector da moda e calzado.

O Concello renovará a cuberta da Residencia de maiores

O Concello de Sarria renovará a cuberta da residencia de maiores Nosa Señora do Carme. Esta actuación terá un custe de 166.000 euros. Este presuposto será financiado con cargo ás modificacións de crédito aprobadas no pleno do Concello do pasado maio de 2021.

Aínda está por sacar a licitación dos traballos que contarán coa plena renovación da cuberta, tras esta actuación, poderán realizarse modificacións no interior, como o cambio de mobiliario, renovación de ventás ou o pintado das paredes. O mal estado do tellado actual supón que haxa humidades no seu interior.

Ademais, estase a estudar a ampliación do centro residencial e a creación dun novo centro de día co fin de aumentar a capacidade de residentes que, actualmente é de 90 persoas, cunha lista de agarda de entre 25-30 persoas que se verá incrementada nos próximos anos.

Por este motivo, o alcalde de Sarria, Claudio Garrido cre que é esencial facer unha ampliación das instalacións que permitan cubrir as necesidades que ten a vila.

ORZAMENTO. O orzamento da residencia de maiores Nosa Señora do Carme ascende aos



1.346.332 euros, isto supón un aumento do 34,6% con respecto ás últimas contas aprobadas no ano 2015. Dende este ano traballase coas mesmas prorrogadas.

O gasto máis grande correspóndese co persoal, cun total de 993.131 euros, continúa o capital destinado aos gastos correntes con 353.200 estes inclúen o mantemento das instalacións, os víveres, maquinaria e produtos sanitarios e farmacéuticos. As inversións non están reflexadas neste presuposto xa que estas inclúense nas contas municipais do Concello.

As taxas dos usuarios da residencia correpondense cos únicos ingresos cos que conta o centro, estes prevese que alcan-

cen os 1.004.500 euros. A cifra foi calculada tendo en conta o último exercicio e a ordenanza actual, sen incluír subidas do IPC. Con isto, o resultado é un déficit de 341.832 euros que ten que asumir o Concello xa que o centro non conta con axudas de ningunha outra administración pública.

Este orzamento será levado ao pleno onde se someterá a votación para ser aprobado ou non. O encontro serviu tamén para informar de que se está levando a cabo un estudo de viabilidade para ver si é posible a ampliación da residencia que actualmente ten 90 prazas, considerando este número insuficiente para o concello de Sarria.

Formada a xestora do PP de Sarria cun total de 15 integrantes

Trala dimisión de Jose Antonio García como presidente do partido en Sarria, Luís Pardo acolleu a dirección da xestora onde se marcou un tempo límite dun mes para a súa formación. Este mes de marzo, o partido conta nove mulleres e seis homes que teñen como obxectivo construír e consolidar o partido para chegar fortes as municipais do vindeiro ano.

O presidente da xestora buscaba crear un grupo con experiencia política e novas personalidades co que chegar a tódolos ámbitos e a todas as visións. Desta forma, o grupo está formado por José Manuel Bello, Diana García, Esperanza López, Mirela Ferizovic e Jesús Rodríguez, que integran a agrupación como membros natos dada a súa condición de ediles electos. Pasa o mesmo con Fernando Carlos

Rodríguez. A estas personalidades únense Victoria Eugenia López que foi deputada e concelleira, Manuel Valiña que leva consigo 30 anos de traxectoria política así como Mariana Fernández que foi concelleira durante dous mandatos.

Entre as caras novas do grupo atópanse Vanesa López Darriba e Alba López Mourín, ademais de Vanesa Pontón Rodríguez e Itziar López Flores.

O obxectivo desta agrupación é coñecer as necesidades dos veciños e, por iso, están a organizar diferentes encontros cos que coñecer as demandas dos sarriaos.

A xestora atopa como unha gran necesidade da vila a creación dun chan industrial que axude a crear emprego, mellorar as infraestruturas e a creación de novos proxectos deportivos e culturais.

Aínda se pode realizar a inscrición para a Xacorun

A etapa entre Sarria e Portomarín converterase nunha proba deportiva o vindeiro 19 de marzo. Trátase dunha experiencia que achega o Camiño de Santiago aos atletas lucenses, que poderán desfrutar dunha contorna idílica.

Cada participante poderá elixir en que carreira participar xa que se presentan tres modalidades. Carreira individual de 11 km ou de 22 km ou carreira de relevos que se levará a cabo por parellas facendo os primeiros 11 km un e os 11 restantes o outro membro da parella.

Tódolos corredores que o soliciten disporán dun autobús que sairá dende Portomarín ata Sarria ás 15.45 horas. Ademais, os participantes que elixan a carreira por parellas e fagan a primeira parte terán tamén transporte de volta a Portomarín. Aínda se pode realizar a inscrición. O prezo para a carreira individual de 22 km ten un prezo de 20 euros xa que xa hai máis de 100 inscritos nesta modalidade.

DEPUTACIÓN

Consenso das deputacións para destinar os fondos europeos ás estradas

O presidente da Deputación de Lugo participou no pleno da Comisión de Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) celebrado na cidade de León, un encontro no que houbo consenso en torno á reivindicación de Tomé Roca de habilitar fondos europeos para mellorar a rede de infraestruturas provinciais, así como da capacidade das deputacións para xestionar estes recursos económicos conseguidos polo Goberno de España para recuperación da pandemia da covid-19 e que, deste xeito, sexan realmente útiles para a cidadanía, sobre todo no mundo rural.

Neste sentido, a Comisión de Deputacións acordou enviar unha carta ás Comunidades Autónomas e ao Ministerio de Transportes solicitando que as deputacións reciban un 15% dos recursos da UE que xestiona o Estado e outro tanto dos transferidos ás autonomías para destinalos ás redes viarias provinciais.

Tomé toma posesión como presidente lucense do PSOE

José Tomé Roca foi proclamado Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo no IV Congreso Provincial socialista que se celebrou no hotel Torre de Núñez baixo o lema *Lugo Avanza*. Tomé Roca asegurou que deste congreso “os socialistas saímos unidos e máis fortes para darlle un novo impulso ó Partido Socialista na provincia, para seguir medrando, para seguir ampliando a representación institucional e para seguir mellorando a nosa provincia e a vida dos nosos veciños e veciñas. A provincia necesita máis Partido Socialista”.

Dende un “bo punto de partida”, pois o PSdeG goberna a día de hoxe para o 65% da poboación lucense, con 27 gobernos, catro cogobernos, e a Deputación de Lugo, o Secretario Provincial situou como obxectivos “consolidar as alcaldías que temos, conseguir outras novas nas que temos clarísimas opcións, manter a Deputación e, con toda esa forza municipalista, axudar a renovar o Goberno de España e a recuperar o Goberno da Xunta de Galicia, que



tanta falta lle fai a este país”.

Para continuar avanzando e lograr estes obxectivos, Tomé Roca establece no plano orgánico unha serie de medidas, que coinciden ademais co que lle foi trasladando a militancia nos encontros Camiñamos Xuntos que mantivo nas últimas semanas por toda a provincia para preparar o Congreso. “Iso é moi bo, porque así é máis fácil remar todos e todas na mesma dirección”, afirmou o Secretario Xeral, explicando que, “para empezar, concordamos na unidade, en que queremos un

partido unido porque iso é forza. E, neste sentido, creo que empezamos ben porque, gracias ao diálogo e ao acordo, houbo unha única candidatura á dirección do partido na provincia, e o compañeiro Xosé María Arias integrouse nesta candidatura que hoxe sae ratificada neste Congreso”.

José Tomé agradeceu a Arias que puxese “por riba de todo, a vontade de acordo e de integración, máis al das lexítimas aspiracións persoais a optar a un cargo que calquera compañeiro ou compañeira pode ter”.

Preparada a segunda tempada do programa Saborea a túa provincia

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a segunda edición do programa Saborea a túa provincia, unhas xornadas gastronómicas e lúdicas coas que busca promocionar e incentivar o consumo dos produtos de proximidade, como fórmula para dinamizar a economía dos concellos e para axudar na recuperación da hostalería, do turismo, do comercio e dos pequenos produtores, que viron moi mermada a súa actividade pola pandemia.

Igual que o ano pasado, no que o programa tivo moi boa acollida con 200 visitantes, o Saborea a túa Provincia celébrase ao longo do mes de agosto de xeito itinerante en 9 concellos da provincia e contará cun orzamento de 100.000€. A diferenza da edición do 2021 terá un formato máis dinámico, con programacións de media xornada, pero mantendo os principais atractivos do Saborea: a música, as demostracións culinarias, as degustacións e as actividades para os máis pequenos.

O Pleno reclama á Xunta unha atención bancaria para os maiores

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que se implique na defensa dunha mellor atención bancaria para as persoas maiores. Así o acordou o Pleno da Corporación provincial coa aprobación dunha moción do grupo do PSdeG, que contou co apoio do BNG, mentres que o PP se abstivo.

A proposta socialista parte das reclamacións da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Lugo sobre cuestións transversais como a necesidade de ampliar horarios de atención ao público das oficinas, garantir a atención presencial a maiores que non contan con competencia en medios dixitais, ou medidas de seguridade nos caixeiros; pero fai corresponsable á Xunta pola súa inacción. Concretamente, a institución provincial instará ao Goberno galego a mostrar o seu respaldo ás reclamacións de mellora na atención bancaria formuladas polas plataformas da terceira idade e do rural; a tomar medidas para garantir a presenza de sucursais bancarias en tódolos concellos da provincia; a primar as operacións

con aquelas entidades que garantan a prestación de servizos bancarios dun xeito adecuado; a excluír da participación na xestión dos fondos de reconstrución a aquelas entidades que non cumpran estas condicións; e a elaborar unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas a non quedar excluídos da prestación dos servizos básicos de carácter financeiro. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, argumentou que “subvencionar a instalación de caixeiros nos concellos onde non hai oficinas bancarias non é a solución”, que son moitos os maiores que non son quen de desenvolverse coa banca dixital e que a perda dos postos de traballo no sector supón xa o 27,5% desde o 2008, con máis de 5.000 empregos destruídos.

Concellos como Negueira de Muíiz, O Páramo, Ribeira de Piquín y Samos carecen xa de oficina bancaria no seu municipio e no caso de Samos, isto supón un prexuízo para os veciños, pero tamén para os moitos pe-

regirinos que pasan pola vila, situada no camiño de Santiago.

FONDOS COVID. A institución provincial tamén pedirá explicacións ao Goberno galego por deixar sen executar o 30% -220M€- dos fondos Covid, duplicando a porcentaxe media doutras comunidades autónomas. “Feijoo non foi quen de achegar ás pemes, ós autónomos, ao comercio ou á hostalería todos os recursos que o Estado lle transferiu para frear o impacto da covid neses sectores”, denunciou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, que reprochou tamén que o Presidente da Xunta cargase con gastos extraordinarios ás facendas locais ou que non contratase máis persoal sanitario cando colapsaron a Atención Primaria e as Urgencias.

De acordo á proposta socialista, a Deputación reclamará que o presidente da Xunta compareza nun pleno extraordinario do Parlamento para dar explicacións sobre esta cuestión; que o goberno galego reactive o Pacto Local firmado cos concellos, avalíe



ca Fegamp a pegada extra da covid nas facendas locais e determine as fórmulas para compensar ás administracións locais polo gasto extra asumido durante a pandemia; e a creación dunha Mesa de Seguimento da xestión dos Fondos de Recuperación, que conte ca representación de todas as forzas parlamentarias e na que estea representada tamén a administración local, para evitar que se manteña o baixo grao de execución actual.

ATENCIÓN SANITARIA. O Pleno provincial aprobou unha moción do BNG para demandar á Xunta de Galiza a normalización da asistencia en atención primaria, recuperando

a atención presencial para todas as persoas que o soliciten e limitando as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias, garantindo tamén que esa atención se faga sen demoras co aumento do número de profesionais que as atenden.

Na exposición da proposta, a vicepresidenta da Deputación de Lugo e deputada nacionalista Maite Ferreiro sinalou que “o goberno da Xunta está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública” e referiuse á situación dos centros de saúde Xermade, Chantada, Pantón, Castro de Rei ou Lugo, onde a falta de persoal está clara.

COMARCA

A Mancomunidade do Camiño Francés solicita fondos Next Generation



A Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés, formada por once concellos: Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela, celebrou en Sarria un pleno extraordinario. O primeiro encontro deste ano no que acordaron optar polos fondos Next Generation.

Esta entidade abarca territorios de dúas das catro provincias de Galicia, Lugo e A Coruña, e de seis comarcas: Os Ancares (Pedrafita), Sarria (Paradela, Triacastela, Samos e Sarria), Lugo (Portomarín), A Ulloa (Monterroso e Palas de Rei), Melide (Melide) e Arzúa (O Pino e Arzúa).

Un territorio marcado por unha ruta de historias, un territorio de camiños milenarios polos que percorrer o corazón de Galicia

Esta foi a primeira reunión das que manterán co fin de definir un proxecto que presentar para obter

os fondos. A iniciativa terá como obxectivo principal promover o Camiño Francés, podendo concorrer a plans nacionais como autonómicos de sostibilidade turística, como tamén poderán optar a unha liña de subvencións para a dixitalización da rede de destinos turísticos intelixentes.

O primeiro pleno celebrado estivo encabezado polo alcalde de Sarria e presidente da entidade xacobeá, Claudio Garrido. Estivo acompañado pola alcaldesa de Triacastela e vicepresidenta, Olga Iglesias e da secretaria do Concello de Samos e da Mancomunidade, Luisa Fernández. Acudiron a esta reunión os alcaldes de Paradela, Portomarín, Pedrafita, Palas de Rei, O Pino. Así como tenentes de alcalde de Samos, Monterroso e Melide.

Neste pleno firmaron a acta do anterior e abordaron o próximo convenio que firmará a Mancomunidade coa Axencia de Turismo de Galicia.

Militares instruíronse facendo o Camiño dende Sarria

O Camiño de Santiago volve ser unha proba de adestramento, nesta ocasión para 42 alumnos da Academia Básica do Aire, un centro docente militar de La Virgen del Camino en León.

Esta peregrinación deu comezo no día en Sarria. Cos alumnos realizan o roteiro un tenente e o capelán castrense ademais do apoio da Garda Civil de Lugo.

Neste adestramento participan alumnos e alumnas dos tres cursos de formación, de todas as partes de España, sobre todo do sur da península que se están realizando á instrución para

optar ao rango de suboficial do Exército do Aire.

Os alumnos realizan as etapas en diferentes períodos de tempo, por iso, antes da pandemia algúns membros do centro realizaron a peregrinación dende O Cebreiro ata Sarria. Nestes días retoman o camiño para realizar a etapa que vai dende esta vila ata Portomarín. A continuación farán a segunda etapa ata Palas. Será despois de Semana Santa cando continúen co Camiño de Santiago ata chegar á cidade santa. Este tipo de actividades axuda a formar aos alumnos e promoven a convivencia.

Os animais que fagan o Camiño de Santiago terán a súa credencial

Equum Peregrinans presentou a nova credencial do Camiño de Santiago para cabalos e asnos. Este novo documento para os animais que realicen a ruta poderá solicitarse nos albergues do Camiño de Santiago e nas entidades e asociacións que colaboran no mesmo como a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Sarria.

Foi na sede desta asociación en Sarria onde se fixo a presentación desta nova credencial. Este novo documento trata de recoñecer o esforzo destes animais que son os que cargan ao xinete ou as súas pertenzas. Tan só no ano 2019 foron máis de 400 peregrinos os que decidiron realizar o camiño a costas dun cabalo. O custe desta credencial será de 5 euros, dous serán para o albergue ou asociación que a vende, 1,50 euros irán destinados aos gastos que supón a impresión do mesmo e a cantidade restante irá destinada a Equum Peregrinans que serán os encargados de firmar o documento na chegada a Compostela. Esta credencial non só serve para



Presentación da iniciativa

recoñecer aos animais senón que ten consellos para realizar o camiño acompañado dun equino. Entre eles información para acceder cos animais á Praza do Obradoiro en Santiago, xa que é preciso avisar con 30 días de antelación. Neste documento recoméndan cabalgar entre 25-30 quilómetros diarios. Ademais, na certificación inclúese información sobre o animal e o xinete.

Os cabalos e asnos non son os únicos animais que contan cunha credencial exclusiva xa que, fai uns anos

presentouse o mesmo documento destinado aos cans que realizan a ruta cos seus donos. A credencial deseñada por Estela Vilasó que estivo no acto de presentación xunto ao alcalde de Sarria, Xacobo Pérez, Jorge López presidente da Asociación de Amigos do Camiño en Sarria, e Iván Erik Vázquez responsable da finca El Mayoral. Esta finca conta con cortes para que os cabalos que están a realizar o camiño poidan descansar, ademais tamén ten servizo de veterinario ferrador.

Olga Iglesias, elixida vicepresidenta da Asociación de Municipios do Camiño



A Asociación de Municipios do Camiño de Santiago escolleu como vicepresidenta segunda a Olga Iglesias, alcaldesa de Triacastela. Esta agrupación reúne 110 concellos do territorio español que están vinculados ao Camiño Francés dende Navarra e Huesca ata Compostela.

O nomeamento tivo lugar na sexta asemblea xeral da AMCS no Monasterio de San Juan de Burgos onde se renovaron os cargos da xunta directiva desta Asociación.

A vinculación da alcaldesa de Triacastela con esta entidade non é nova xa que Olga Iglesias formou parte da directiva durante o último mandato, no cal, Reyes Abella do Concello de Sarria

ocupaba a secretaría da mesma.

Neste senso, a agora vicepresidenta segunda da asociación asume novas responsabilidades nas que centrará a atención sobre o desenvolvemento das vilas pequenas sobre as que transcorre o Camiño Francés.

A situación pandémica provocada pola Covid 19 evidenciou a importancia que ten esta ruta nos diferentes municipios como motor turístico que promove a economía da zona. Polo que ve fundamental a creación de sinerxías cara o ben común que fomenta a chegada de máis peregrinos e facilite os diferentes servizos aos mesmos.

Por iso, os principais obxectivos da

Asociación de Municipios do Camiño de Santiago está o establecemento de relacións de cooperación entres tódolos municipios polos que discorre o Camiño Francés, así como a posta en marcha de proxectos e iniciativas de interese común, a colaboración coas administracións e acceder ás axudas europeas co fin de promover o Camiño e colocarse como a principal ruta de peregrinación cara a cidade Santa.

Outro dos obxectivos inminentes deste grupo de municipios é a adaptación ás novas tecnoloxías e modernización, achegándose e facilitando así o acceso á información de todo o mundo.

A nova tempada de pesca fluvial comezará o 20 de marzo

A tempada de pesca deste ano en Galicia comezará o vindeiro 20 de marzo e rematará o 31 de xullo. Así se establece na orde anual publicada hoxe no DOG na que se recollen as normas xerais de pesca das distintas especies ictícolas nas augas continentais galegas.

Así, no caso concreto do salmón, o período hábil abranguerá desde o 1 de maio ata o 31 de xullo, pero poderán adelantarse o remate da tempada en función das capturas. Nos tramos compartidos do río Eo e nos coutos do Ulla, o período rematará o 30 de xuño.

A cota de captura establécese nun exemplar por persoa e xornada, cunha dimensión mínima de 40 centímetros. A ratio anual no río Ulla queda fixada en 30 exemplares; no Mandeo os exemplares serán 5; no caso do río Masma a cota é de 15 salmóns; no Miño fíxase en 8; e no couto de Salmeán, en 10. No resto dos coutos autorizados no río Eo non se establece cota anual de captura. Co obxecto de colaborar na mellora da poboación do salmón nas augas do Ulla, ao igual que se fixo na pasada tempada, cando se capture un exemplar desta especie nos coutos de Ximonde ou Santeles establécese un procedemento de doazón voluntaria para destinalo a reprodución artificial na piscifactoría de Carballedo ou a marcaxe e seguimento da súa migración no río.

En relación cos engados, poden ser naturais autorizados, como as miñocas e quisiúllas, ou artificiais, que son elaborados imitando animais



ou outros obxectos que poden ser atractivos para os peixes que se queiren capturar, por exemplo, a mosca artificial, a culleriña e peixes artificiais ou semellantes.

PESCA DO REO. A tempada para a pesca do reo, comezará o 1 de maio e rematará o 31 de xullo. En todo caso, a tempada prorrogarase nos coutos de Betanzos, Noia, Noval, Ombre, Padrón, A Ponte do Porto, Ribeiras, Segade, Traba, Xuvia e Lambre ata o 30 de setembro; e no caso de Ponte Arnelas, Pontevea, Santeles, Sinde e Ximonde ata o 31 de agosto.

Sobre os engados, nos caso dos artificiais permítense os mesmos que para o salmón, ao que se suma tamén o risco. No que respecta aos naturais, permítense todos agás calquera tipo de ovas de peixes e o peixe natural, e en augas salmoneiras tampouco se permiten os cebos naturais, agás os autorizados para a pesca do salmón nos seus coutos.

PESCA DA TROITA. Para a especie da troita a tempada comezará o 20

de marzo e rematará o 31 de xullo. Nos coutos con convenio de colaboración, prolongarase ata o 30 de setembro na modalidade de pesca sen morte, e nas augas salmoneiras, nas de reo ou nas de montaña non empezará a tempada ata o 1 de maio.

Como norma xeral establécese a posibilidade de capturar 6 exemplares ao día e por persoa, cunha talla mínima de 19 centímetros. En canto aos engados, son os mesmos que os da tempada pasada.

Por outra banda, durante a tempada 2022 véndanse en todas as masas de auga as seguintes especies: cangrexo de río, reñosa, espiñento, zamborca e anguía. A pesca da saboga só se autoriza no tramo do río Ulla comprendido entre a presa de Couso e a desembocadura entre o 1 de maio e o 12 de xuño.

Decláranse os luns como días inhábiles, agás festivos nacionais ou autonómicos. Os xoves serán hábiles unicamente para a modalidade de pesca sen morte en todas as masas de auga, excepto o 14 de abril.

Entregados os premios do certame provincial de poesía de Nadal



A Consellería de Cultura premiou a trece escolares de Lugo que resultaron gañadores do certame de Poesía de Nadal que convoca a Biblioteca Pública Provincial en colaboración con outras bibliotecas públicas da provincia.

Na fase final participan os traballos que resultaron vencedores nos distintos certames municipais. O xurado provincial estivo formado por María José Gómez, xefa de Cultura da Xunta en Lugo; Isabel Pérez Fórneas, directora da Biblioteca; Ana Carreira, dramaturga e narradora, e o xornalista Xulio Xiz, que actuou como secretario.

O acto de entrega de premios tivo lugar no salón de actos da Biblioteca. Cada un dos gañadores recibiu como regalo un lote de libros e unha figura de Sargadelos. Ademais, a Consellería publicará un libro con todos os poemas premiados.

Os alumnos e alumnas galardoados na presente edición na categoría A, ata os 8 anos, foron Candela Fernández Rodríguez de Sober, Xiana Vázquez Guerreiro de Antas de Ulla e Víctor Delgado Feijoo de Monforte de Lemos. E houbo dous accésits para Sara González Pérez de Barreiros e Sofía López Gallego de Outeiro de Rei.

Na categoría B, de 9 a 11 anos, os agasallados foron Adriana Vázquez Louzao de Antas de Ulla, Pablo García Martínez de Lugo e Lola Pedredo Defente da Pobra de Brollón, e un accésit a Jairo Gómez López de Sarria.

Na categoría C, de 12 a 16 anos, os gañadores son Alma Martínez Álvarez de Sarria, Daniela Couso Rodríguez de Antas de Ulla e Sara López González de Sarria, e un accésit para Rodrigo Cota Pérez de Monforte de Lemos.

A UNED abre a matrícula para as III xornadas sobre feminismo

A UNED de Lugo celebra de novo a terceira edición das Xornadas Aprendendo Feminismo, que terán lugar en formato on line ou presencial do 23 ao 30 de marzo e para as que xa está aberto o prazo de matrícula.

Estas III Xornadas Aprendendo Feminismo: Feminismo e Educación: Que se está facendo? centraranse na cuestión da igualdade no ámbito educativo. Así se analizará a situación actual da muller no ensino, expóndose medidas para alcanzar esa igualdade. Pero tamén, avanza a difusión da historia do feminismo e das grandes figuras femininas da Historia, como é propio

destas xornadas. Algunhas delas, grandes mulleres galegas, como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal.

A lexislación actual, no noso país contempla a igualdade e prevé instrumentos funcionais para conseguila, que na maior parte dos casos non se están cumprindo. Consideramos que conseguir a igualdade real e efectiva, así como promover a equidade entre mulleres e homes involucra a toda a sociedade.

Participarán nelas unha serie de mulleres de recoñecido prestixio no sector da educación en determinados niveis do ensino público e privado.

O Páramo e Láncara recollen doazóns para Ucraína ata o 18

Un total de dez establecementos do Páramo e da Pobra de San Xiao están a recoller doazóns para Ucraína seguindo a iniciativa da Casa do Maior Esmorga paramesa e da Casa Niño As Pegadas.

É posible entregar todo tipo de artigos como alimentos non perecedoiros, sacos e colchonetas para durmir, mantas, lanternas, roupa, produtos de primeira necesidade como cueiros, toallas, etc.

A iniciativa naceu da man de Gemma Fontela, responsable de Casa Niño que mantivo o contacto cunha muller de Ucraína que fixo o programa Erasmus en Lugo. Cando falou coas familias dos alumnos mostraron interese na participación e puxeron en marcha esta actuación solidaria.

Na Pobra do San Xiao pódense en-



regalar os produtos na Casa Niño, Detalles Noelia, Frutería Ani, Mesón do Neira, Peluquería Lidia Castro e Farmacia López Eimil. Tamén participa a Casa Enriqueta de Láncara. Por outra banda, no Páramo reciben as doazóns tanto a Casa do Maios, como o bar Santas.

A recadación será enviada a Ucraína a través das entidades de Verín e Santiago. Os rapaces do Concello tamén mostraron a súa solidariedade e interese pintando as caixas onde serán enviados os produtos e querendo mandar xoguetes para os nenos ucranianos.

samos

Dúas empresas están interesadas no contrato de renovación eléctrica

O Goberno local recibiu varias ofertas no proceso de licitación para a renovación de luminarias. O mantemento eléctrico e o subministro de enerxía.

En concreto, foron dúas as empresas as que mostraron interese despois de que unha das firmas presentara un recurso que finalmente foi rechazado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia que lle deu a razón ao Concello. Esta era a segunda alegación que recibía este contrato, sendo a primeira aceptada o que supuxo

unha modificación nos pregos do mesmo.

As empresas puideron realizar as súas ofertas ata o día 21 de febreiro. O contrato será de 12 anos e por un importe de 1,8 millóns de euros. O Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (Idae) proporcionará unha axuda de 581.000 euros para a renovación do alumeadado e instalacións.

O proxecto supón o cambio de 1300 luminarias led e 112 centros de mando que suporán un aforro enerxético.

O Concello licita a adquisición dunha pala retroescavadora

O Concello de Samos licitou o subministro dunha pala retroescavadora mixta cun importe de 102.850 euros. Esta máquina encargárase da realización de servizos municipais, co obxectivo de proporcionar aos distintos tipos de obra que se levan a cabo no Concello unha ferramenta acorde ás necesidades.

Esta máquina será empregada para facilitar as obras de restauración, pavimentación e conservación de infraestruturas.

Os interesados teñen ata o vindeiro 16 de marzo ás 14.00 horas para presentar as ofertas no rexistro do Concello. A empresa adjudicataria terá dous meses para facer entrega da máquina.

Esta é a segunda vez nun período curto de tempo no que o Concello saca a licitación a retroescavadora, a primeira delas, o verán pasado, quedou deserto ao no recibir ningunha proposta. Nesa ocasión, o concurso saíu por 76.835 euros.

Samos investirá os fondos do Plan Único no arranxo de seis vias municipais

O Plan Único deixa en Samos un total de 282.251 euros que serán destinados ao arranxo e mellora de seis vias e accesos a núcleos da zona.

As melloras consistirán no asfaltado con aglomerado en quente o núcleo de Lampazas e traballará na estrada que une esta parroquia con Airapadrón. Encargarase de acondicionar os accesos de Santa Mariña e pavimentará San Cristovo do Real. Ademais, arranxará o vial de

Praducelo. A última actuación a cargo destes fondos serán para o asfaltado dos accesos de Francos a Teibilde.

Co Plan Único tamén serán financiados os servizos de axuda no fogar e a contratación dun condutor e limpiadores por seis meses. O Concello reserva unha partida para a realización de actividades culturais e deportivas e a Feira de Artesanía e Produtos Naturais da Ponte de Lúzara que ten lugar o 17 de agosto.

Láncara arranxará cinco pistas e unha rúa da Pobra co Plan Único

Láncara destinará preto de 200.000 euros do Plan Único da Deputación á mellora de pistas e accesos con aglomerado en quente. Estas actuacións levaranse a cabo en cinco pistas rurais e unha das rúas da Pobra de San Xiao.

A rúa Concepción Arenal de Láncara contará cun orzamento de 53.000 euros mentres que os outros 150.000 euros irán destinados aos accesos dos núcleos de Saa, Piñeiroá, Soaxe e Cedrón Xusaos ademais do cemiterio de Traslíte. O Servizo de Axuda no Fogar terá unha partida de 10.000 euros.

A cantidade orzamentaria restante, 94.000 euros, serán para a creación de postos de traballo. En total contrataranse catros peóns, un tractorista, un palista e dous albaneis.

Na xunta de goberno celebrada



esta semana, tamén se aprobou a petición dunha axuda á Xunta de Galicia para o arranxo dunha estrada de Piñeiroá que terá un custe de 62.000 euros. Esta axuda será solicitada por ambos concellos.

O alcalde, Darío Piñeiro determinou que se requirirá unha axuda á Administración autonómica cun valor de 2.000 euros para o acondi-

cionamento da biblioteca así como para apropiarse o acceso a Sebrín, en Toirán. Esta obra terá un custe de 47.000 euros.

Entre os próximos proxectos do Concello atópanse a petición dunha futura subvención para mellorar a pista de acceso a Armea de Arriba, Vilela de Arriba e Vilela de Abaixo.

Sae a concurso o equipamento da Aula Mentor en 7.200 euros

O concello de Láncara sacou a licitación o equipamento da Aula Mentor en réxime de alugamento por 7.200 euros.

O contrato do equipamento terá unha duración de catro anos cun custe mensual de 125 euros máis IVE como máximo. A empresa adjudicataria deberá abastecer a Aula Mentor con cinco equipos portátiles e un máis para a Casa Consistorial, a maiores, deberá instalar un ordenador de sobremesa e un monitor na Aula Mentor. O prazo para a instalación dos equipos será dun mes.

A solicitude das empresas interesadas farase a través da plataforma Silex da Consellería de Facenda tendo aberto o prazo ata o día 18 de marzo.

A AULA MENTOR. As persoas maiores de idade do Concello de Láncara poderán desfrutar de máis de 150 cursos online de formación con diversas temáticas. Esta iniciativa nace a través dun convenio co Ministerio de Educación e Formación Profesional que permite poñer en marcha a Aula Mentor.

O convenio foi firmado fai uns meses, este aula mentor, que está localizada na biblioteca da Pobra de San Xiao é a primeira destas características da Comarca de Sarria. Nas instalacións, o alumnado realizará a matrícula aos cursos e os exames



Biblioteca da Pobra de San Xiao

presenciais, xa que a formación é de carácter online a través dunha plataforma do Ministerio de Educación. Tamén poderán facer uso dos cinco ordenadores cos que conta a biblioteca.

Entre a oferta desta aula tamén hai opcións máis específicas como a certificación Cisco, formación do profesorado e cursos abertos, este tipo de obradoiros teñen períodos de matrícula específica mentres que os demais poden realizarse durante todo o ano, excepto no mes de agosto.

Outro punto a favor deste tipo de formación é que se pode paralizar por cuestións de saúde podendo continuar coa educación máis adiante.

O alumnado contará con dúas oportunidades para superar con éxito a proba avaliativa. Para iso, ao longo

do ano haberá cinco convocatorias. Estas serán nos meses de febreiro, abril, xuño, outubro e decembro.

A superación da mesma outorgará ao alumno un certificado de aproveitamento emitido polo Ministerio de Educación, este non é un título oficial aínda que nalgúns convocatorias de emprego poden puntuar.

Xa está aberto o prazo de inscrición, os interesados poden realizar a matrícula ou solicitar máis información na biblioteca ou chamado ao número de teléfono 982 543 066 ou a través do correo electrónico lancara@aulamentor.es

A matrícula terá un custe de 24 euros para os cursos de 30 horas, mentres que nos que son dunha duración maior a matrícula terá un prezo de 48 euros. A recarga por un mes será de 24 euros.

“Afrontamos esta tempada con ilusión co incremento de tramos sen morte”

Alejandro Pérez é secretario do club lançarés de pesca Río Neira

Coa recente tempada de pesca que abre o 20 de marzo e se estende ata o 31 de xullo falamos co Clube de pesca Río Neira asiduos aos cotos de Láncara e Covas de Valdriz.

Como nace o club de pesca Río Neira?

Nós somos pescadores de Lugo asiduos ao Río Neira, en concreto aos cotos de Láncara e de Covas de Valdriz, que son sen morte. Decidimos que era bon crear unha sociedade para coidar o río promovendo que estea nas mellores condicións posibles e seguir apostando pola pesca sen morte.

Que hai que facer para ser socio?

Complementar unha documentación para ter un rexistro dos socios e pagar a cota que son 20 euros anuais.

Cantos socios son e de que lugares?

Somos xa 50 socios, a maioría son da provincia de Lugo. Aínda que tamén contamos con xente que ven de Asturias, Castela e León, Pontevedra, Coruña e Ourense.

Que vantaxes ten ser socio?

As principais vantaxes que da é que se pode acceder aos cursos que facemos. Recentemente fixemos unha xornada de montaxe de moscas que tivo unha gran afluencia xa que viñeron 35 persoas. Podes acceder aos diversos campionatos que fagamos e tamén a cursos previstos para o fu-

turo, como o que faremos con David Arcay que é catro veces campión do mundo e forma parte do clube. Este tipo de actividades son exclusivas para socios.

Que actividades realiza a asociación?

O sábado día 12 fixemos unha limpeza nos cotos que imos consorciar para que estean nas mellores condicións posibles no principio da tempada de pesca. Esta consistiu na roza e mantemento do lugar onde se inclúe a retirada de plásticos. Ademais, acondicionáronse as entradas aos cotos para que sexan cómodas para os pescadores.

Ademais, a nosa intención durante o verán é facer unha escola para nenos e ensinalles o montaxe de mosca e a pesca.

Como se está a preparar a tempada de pesca?

Con moitas ganas aínda que os ríos de momento están algo baixos de caudal temos a esperanza de que chova un pouco senón é certo que os ríos no verán van pasar un pouco mal. Afrontamos esta nova tempada coa ilusión renovada de que este ano a Xunta aumentou na provincia de Lugo os quilómetros de tramos sen morte, unha reivindicación que os pescadores sen morte viñamos demandando. De feito, no Neira este ano aumentáronse 5,6 quilómetros de tramo libre sen

morte. Lugo é a provincia que máis tramos sen morte incrementou coa nova normativa.

Que tipo de persoa sinte paixón por esta afección?

Mayoritariamente xente de entre 40-60 anos. A xente nova, por desgracia, é a que menos presenza ten. Por iso, nós o que queremos facer ao ser un colectivo dunha idade media bastante avanzada é fomentar entre os máis pequenos a ilusión pola pesca para que sexa unha actividade que non se perda. Unha actividade que se agradece moito ao aire libre, estando cos amigos en contacto coa natureza pescando.

Esta actividade viuse minguada pola pandemia ou ao ser máis individual e ao aire libre non afectou moito?

A nós por exemplo xa que somos montadores de mosca a pandemia fixosenos máis liviá porque moita xente non tiña nada que facer, pola contra, nós ao montar moscas tivemos un gran entretemento.

A xente cando se abriu estaba tola por poder pescar. Eu penso que a pandemia non freou aos pescadores en canto as ansias de realizar a actividade. Ao final a moita xente beneficiulle o xeito de ser pescador, saes despois de estar encerrado na casa para estar cos teus amigos en contacto coa natureza.

Que é a pesca sen morte? En que consiste?

Na pesca sen morte o máis importante é o respecto ao peixe, da igual a especie que se capture. Cando tes un peixe na man podes facer dúas cousas, matalo ou devolveo. A realidade é que na actualidade, as troitas estanse acabando, cada ano as poboacións de troita son menores, polo que a única maneira de conservar a especie e poñéndoas sen morte ou vedada. Os que amamos a pesca o que queremos é pescar e ter e ter troita para pescar. Evidentemente, ten que haber sitio para todos pero ao final os tramos nos que máis troita hai son os tramos sen morte. Coller ao peixe, quitarlle a mosca e devolvela ao seu medio.

Cal é o obxectivo do club?

Velar pola pesca sen morte e unha pesca sostible. Coidar ao río e a xente que veña ao Concello de Láncara a pescar esta a gusto pescando para que ao final se lle de valor e coñecemento aos cotos asociados con poboación de troita moi boa. En defi-



Alejandro Pérez, pescando

nitiva, que a xente desfrute e o pase ben pescando.

En que condicións se atopa actualmente o Río Neira?

A poboación de troita nos tramos sen morte do Río Neira é moi boa, ten unha gran cantidade de troitas e de moi boa calidade. É certo que nos tramos que está con morta non hai tanta abundancia.

É un río bastante limpo sen moita contaminación ao que acude moita xente de toda Galicia e de fora. É moi emblemático.

Cal é a maior necesidade do río?

Eu penso que a limpeza. O seu acondicionamento é unha das súas necesidades primordiais. Cando hai riadas ou hai mal tempo ten unha gran cantidade de árbores que poden caer e posteriormente precisase a súa retirada. Tamén é preciso limpar os plásticos que chegan con esas riadas ou que os cidadáns tiran no leito do río.

Pero, sobre todo, a vixilancia do furtivismo algo fundamental.

Que tipo de peixes se poden atopar no río Neira?

Troitas e na parte media baixa tamén hai escalos.

En que situación se encontra na actualidade a pesca sen morte?

Un porcentaxe máis elevado é de pesca con morte pero estase vendo que a xente toma conciencia de que a maneira de conservar a troita é devolvéndoas ao seu medio natural, polo que hai máis estase a incrementar o número de pescadores sen morte. Isto é unha boa noticia xa que o futuro da pesca é sen morte para non quedar sin nada.

Están a realizar algún tipo de actividade que promova o coñecemento deste deporte para que desperte interese en novos perfís?

A idea da xornada de montaxe era para que non solo pescadores se animara a vir senón tamén xente do concello que quixera ver o que é a pesca. A pesca non é tirar a caña e esperar sentado, consiste en moito mais. Nós que facemos moscas o pescar ten un esforzo maior detrás. O bonito é coller troitas cunha mosca que fixeche ti coa mosca do día anterior.

Nós o que queremos non é só manter o río en boas condicións senón que máis xente que non son pescadores vexan o atractivo da pesca intentando evitar que se perda esta actividade.

Cal é o equipo básico para comezar neste deporte?

O que se necesita depende da modalidade na que se queira empezar. Para a pesca a mosca desde o río precisárase un vadeador e unhas botas, unha caña, un carrete, uns fíos para poder pescar e unhas moscas.

Ofrecedes algún tipo de formación para a xente que quere empezar a practicar a pesca sen morte pero non sabe como?

Aínda que non facemos nada explícito o obxectivo é ofrecer e compartir os coñecementos entre os socios e aqueles que estean interesados en coñecer novas técnicas. Non temos nada preparado para a xente que non é pescadora pero ofréceneselles axuda sen ningún problema.

Nota algunha necesidade na pesca a mosca?

O sábado 22 de xaneiro entre varios socios do club realizamos unha xornada de pesca en Vilela en Villafranca do Bierzo isto serviu para paliar a falta de poder pescar en escenarios dende que acaba a pesca a finais de setembro ata marzo. A xornada realizouse en Castela e León porque en Galicia non existe ningún escenario onde poder pescar nos meses de inverno.



O PSOE insta ao Concello a solicitar axudas que melloren os elementos turísticos



Réplicas xigantes de mamuts

A iluminación das réplicas xigantes dos mamuts do Incio son un gran reclamo turístico, por iso, o PSOE do Incio propón ao Concello a solicitude da axuda a Xencia de Turismo de Galicia co fin de iluminar estas dúas figuras e darlle máis valor.

Estas esculturas atópanse na Ruta do Mamut e dos Castros preto da estrada Lu-641.

A solicitude destas axudas poden cubrir ata 30.000 euros de proxectos que melloren infraestruturas turísticas. Estre as posibles melloras destacan a iluminación destas figuras, instalación de paneis explicativos nos bens do Concello ou a sinalización das igrexas do municipio.

Isto suporía poñer a disposición

dos visitantes e turistas máis información sobre os bens que poden pasar inadvertidos polos mesmos outorgándolles así o valor que realmente teñen. Por outra banda, as igrexas de Santa María de Goó, San Salvador do Mao e San Cristovo da Cervela así como o templo de San Mamede de Vilasouto ou a capela medieval de San Roque na Cervela, estarían sinalizadas fomentando a súa localización e incrementando as súas visitas.

Os socialistas aproveitaron a súa intervención para instar ao Concello a solicitar unha axuda que permita ocultar os contedores de lixo das inmediacións da igrexa de Santa Cruz do Incio xa que esta, foi declarada, recentemente Ben de Interese Cultural.

A ITV agrícola fará revisións no Incio a finais do mes de abril

A unidade móbil da Inspección Técnica de Vehículos Agrícolas fará as revisións habituais no termo municipal do Incio a finais deste mes no Incio.

Será os días 20, 21, 22 e 25 de abril. O 20 de abril estará na Pista de deportes en Noceda, o 21 e 22 de abril no Cruz do Incio, mentres que o 25 estará no Campo da Festa do Val do mao.

O horario de atención será de 9.00 a 13.30 horas pola mañá e de 15.15 a 18.00 horas pola tarde. O día 22 o servizo prestarase tan só de mañá.

As persoas interesadas en pasar a revisión aos seus vehículos agrícolas no municipio poden solicitar xa cita previa no teléfono 982 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

Os orzamentos aumentan 70.400 euros respecto ao pasado exercicio

Os orzamentos do Incio ascenden a 1.389.851 euros despois da súa aprobación no pleno extraordinario que se celebrou o pasado xoves 10 de febreiro. Este orzamente contou cos votos a favor do partido popular e a abstención dos socialista. Esta cifra aumenta en 70.400 euros a cantidade do exercicio anterior.

Unha das partidas das contas para o 2022 son 80.420 euros destinados a inversións, a esta cifra sumáranse os case 290.000 euros que lle pertencen do Plan Único da Deputación

Provincial. Ademais, 43.900 euros mellorarán os servizos básicos do municipio como o cambio de luminarias ou a instalación de sistemas de bombeo da auga.

Outra das partidas será para a contratación de persoal que contará cun orzamento de 64.800 euros.

El 2022 tamén será o ano no que o Concello porá á venda uha das súas propiedades, o resultado desta acción pode supoñer un aumento de 35.000-40.000 euros nos orzamentos. Ademais, de ser unha forma de

fixar poboación no rural.

Os socialistas abstivéronse a estes orzamentos ao non estar a partida das inversións especificada e considerar excesivo o aumento do 9% no persoal do Concello, considerando o actual máis que suficiente para a carga de traballo que ten a entidade. Laura Celeiro aproveitou a súa intervención para preguntar sobre o PXOM obtendo como resposta que a Xunta ten como compromiso a revisión do mesmo para a súa aprobación inmediata.

O CEIP do Incio conmemorou o Día Internacional da Muller

O 8 de marzo é o Día internacional da muller, anteriormente denominado Día Internacional da Muller Traballadora. Este día conmemora cada 8 de marzo a loita das mulleres pola súa participación na sociedade e o seu desenvolvemento íntegro como persoa, en pé de igualdade co home. Tamén se usa para facer referencia a esta conmemoración o numerónimo «8-M» en referencia ao día e ao mes en que se celebra.

O CEIP Ricardo e Gasset do Incio levou a cabo diversas actividades de concienciación entre o alumnado. O máis destacado foi unha exposición coas mulleres das súas vidas. Tamén se fixo unha escolla de lecturas relacionadas con escritoras e a elaboración de retratos femininos.

Ademais, resaltouse a través dunha mostra, mulleres destacadas en



Os traballos realizados no colexio

diversos deportes.

A maiores, a Casa Consistorial puxo un lazo violeta na súa fachada e recordaron nas súas redes sociais o vídeo Da mesma raíz que está protagonizado polos nenos e nenas do

Incio e do Courel. Os nenos e nenas participaron en diferentes xogos e actividades que teñen que ver coa igualdade e co rural para finalmente formar parte da gravación dunha canción e a filmación do vídeo.

Retomarán o Festival Terra Brava o próximo 13 de agosto

O Incio recupera, tras dous anos de parón, o Festival Terra Brava. Esta cita será o vindeiro 13 de agosto no municipio. Esta cita de música tradicional e popular contou nas súas anteriores edicións con sesión vermú, almuerzo popular, actividades para nenos e, a noite, concertos de grupos tradicionais galegos.

Polo de agora, os organizadores tan só confirmaron o primeiro grupo que formará o cartel da edición deste ano 2022. Será



Ruxe Ruxe unha agrupación musical de Aríns que leva en activo dos anos 90. As súas actuacións de música rock combina con sons tradicionais galegos.

Terra Brava é o festival de música máis antigo da comarca de Sarria. A última das súas edicións cambiou a súa localización tendo lugar nunha carballreira na estrada do Incio a Óutara.

Esta celebración súmase ao ciclo de festivais que se están retomando despois da situación dos últimos anos. Outro festival que retoma a actividade é o Esmorga Fest que terá lugar o 1 e 2 de abril.

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@sarriaxa.com

“Encargámonos de promover a vida social destes concellos rurais”

Isabel Rodríguez, presidenta da asociación as Xeitas do Incio

A Asociación As Xeitas naceu en Eirexalba e mudouse ao Incio ao incrementar o número de socios. Nun inicio foron todo mulleres, agora son preto de 60 socios incluíndo homes que participan de maneira activa nas actividades.

Como naceu a Asociación As Xeitas?

Naceu no ano 2010 con outra xente, outra presidenta, outros directivos e agora eu son a presidenta da asociación desde o 2014. Todo comezou dende unha necesidade que había na zona dunha entidade que se encargara de organizar actividades. Na actualidade ofertamos ioga e zumba xa que coa chegada da Covid vímonos obrigados a paralizar todo. A acollida nesta volta á normalidade foi moi boa e vimos de organizar tamén un mercado solidario en colaboración con Hospitales sin Fronteiras.

Que actividades fixeron recentemente?

Encargámonos do Entroido, a cabalgata de reis e semanalmente ioga e zumba. Antes da pandemia fixemos excursións, visitas culturais, obradoiros de xabóns, etc.

É só para mulleres?

Nun principio eran todo mulleres, na actualidade, os homes son membros activos da asociación.

Teñen socios só do Incio ou de máis concellos de arredor?

Neste momento temos de distintos concellos, Incio, Sarria, Brollón, etc. Contamos con socios aos que chamamos pasivos, que formaron parte dos inicios da entidade e agora que marcharon a outros lugares do territorio español segue colaborando economicamente pero non na realización de actividades. Está aberta a todo o mundo.

De que se encarga esta asociación?

Encárgase de promover a vida social dos veciños destes concellos máis pequenos e rurais. Por medio da asociación lévanse a cabo diferentes clases que axudan a desenvolver as relacións e a conformación de parroquia entre os veciños. O ioga por exemplo leva en activo 12 anos. Este ano, estreamos un novo local social onde levamos a cabo estas actividades de maneira segura xa que conta cun sistema de aire que o renova cada pouco, isto favoreceu que dende a volta ás actividades ata agora non tiveramos ningún contratiempo. Todos aqueles interesados en ir ás actividades teñen

unha primeira clase gratis para valorar si se axusta ao que buscan polo que, non é preciso ser socio para poder desfrutar das actividades. Organizamos tamén os cantos de taberna, excursións e visitas culturais a museos pero dende a pandemia está paralizado.

Que hai que facer para formar parte dela?

O único que hai que facer é pagar a cota de socia anual. O primeiro ano páganse 17 euros de inscrición e posteriormente as anualidades que son 12 euros.

Que vantaxes ten ser socio das Xeitas?

Moitas das actividades organizadas pola asociación son gratúitas para os socios e, se non son gratúitas, a cantidade que pagan é máis pequena que para aqueles que non son socios. Ademais, anualmente facemos una cea de Nadal só para socios.

Cales son os obxectivos da asociación?

O meu obxectivo persoal principal é o meu relevo como presidenta pero non hai xente que se anime neste aspecto. En canto á asociación, o obxectivo é seguir facendo actividades como pintura que se realizaban antes da pandemia. Estamos desexando volver á normalidade.

Cal é a maior dificultade que teñen agora mesmo?

O máis complicado é xuntar a xente para as actividades. Normalmente piden un mínimo de 8-10 persoas para a realización de obradoiros e nos concellos pequenos é difícil xuntalos.

Como afectou a pandemia ás súas actividades?

Paralizáronse as actividades totalmente. Este é o primeiro ano que volvemos a funcionar, aquí no Incio non houbo nada.

Cal é o punto forte da asociación?

As actividades máis demandadas polos socios e non socios da zona son o ioga e zumba. Tamén están moi implicados os mercadillos, estes contan cunha gran colaboración de xente.

Como é o funcionamento do mercadillo?

As persoas da zona sexan socios, non socios, veciños ou xente dos arredores aportan o que poden e, tras isto, cando se celebra o mercado solidario non existen prezos para as cousas, os artigos non teñen un valor específico, funciona a través de donativos.

Cantos socios ten na actualidade?

Case 60. A parte dos socios da zona, hai tamén en Madrid, Valencia, etc.



De que están máis orgullosas?

Da colaboración da xente que forma parte da asociación. É unha asociación que leva desde o 2010 e nunca se paralizou salvo pola pandemia. Ademais, a resposta ante a volta ás actividades foi moi boa.

Cal é a data máis sinalada do ano, a que esperan as socias durante todo o ano?



Non hai unha data específica aínda que a cea anual é moi bonita e esperada polas participantes xa que xente que non acode ás actividades si veñen á cea, é un momento no que nos xuntamos a maioría dos socios para pasar un bo rato.

Neste ano co tema da pandemia non vai vir o 100% dos participantes pero xa contamos coa confirmación

no Incio hai moitas pero en activo esta é a única.

Cal é a anécdota que recordan con máis agarimo?

Unha experiencia que tivemos moi bonita e que queremos repetir é a clase de ioga no embalse de Vilasouto. Fixémola unha vez e, cando a iamos repetir chegou a Covid-19. Confiamos que coa mellora que se está a vivir poidamos facela de novo.

Que función ten a asociación nas mulleres do rural?

É unha forma moi importante para reunirse e socializar sobre todo nestes sitios onde somos poucos veciños. Temos que ten 80 anos en ioga que se non fora por este tipo de actividades non saíría da casa. Despois da clase imos tomar o café e botar uns contiños.

Como chegou a ser a presidenta da asociación?

A anterior presidenta marchou porque non era de Galicia, era de Valencia entón quedou o posto baleiro e os socios votaron e decidiron que fora eu. Nós poñemos á disposición o cargo tódolos anos na asemblea xeral pero a xente non se anima.

Teñen algunha actividade programada xa para estas datas?

De momento non porque acabamos de facer o entroido. Estamos acabando de organizar a cea baile do 26 de marzo. Gustaríanos que de cara a primavera se fixera algún obradoiro, o malo é que para realizar este tipo de actividades hai que solicitarlos con moita antelación e como non se sabía cales ían a ser as circunstancias non se solicitou. De todas formas o que nos gustaría é explotar os talentos dos nosos socios e socias. Que sexan eles os que impartan algún obradoiro xa que hai xente na asociación que sabe facer bolillos, outra socia sabe facer bolsas con pantalóns vaqueiros, polo que estamos a planificar que sexan os propios socios os que compartan os seus coñecementos cos demais.



O Concello dará un curso aos maiores para ensinar a usar o novo caixeiro

O concello do Páramo pon en disposición dos seus veciños un novo caixeiro. Co peche de oficinas bancarias o Páramo quedara sen este servizo na vila, polo que despois da demanda dos veciños, instalouse esta semana un caixeiro nas dependencias municipais do Concello.

Ademais, dando resposta as peticións dos maiores que ven limitado o uso do mesmo ao non ter os coñecementos adecuados para levar a cabo as diferentes operacións. Ofrecese aos interesados un curso sobre o manexo seguro dos caixeiros. Esta formación será o vindeiro 16 de marzo ás 11.00 horas no salón de plenos do Concello do Páramo.

Con esta iniciativa estase dando resposta a unha demanda dos veciños



que poderán facer uso de maneira sinxela deste novo aparello bancario. O curso está enmarcado no Programa de Educación Financeira no que se ensina a usar os caixeiros para facer as operacións máis habituais en calquera momento.

O Pavillón Polideportivo municipal contará con novas placas solares

O Pavillón Polideportivo do Páramo contará en pouco tempo de paneis solares que terán como obxectivo reducir a factura eléctrica. Esta actuación correrá a cargo do Concello.

Estas placas solares encargaranse de producir enerxía favorecendo o autoconsumo destas instalacións. Estas serán as primeiras placas que o Concello do Páramo porá en marcha.

Trala gran subida nas facturas eléctricas, esta iniciativa loitará contra os prezos elevados e axudarán a que a administración aforre neste campo.

A instalación destes paneis solares correrán a cargo dunha subvención da Axencia Instituto Enerxético de Galicia cunha achega de 8.712 euros cunha liña para proxectos de enerxía



fotovoltaica que son cofinanciados co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no FederGalicia 2014-2020.

Estas placas solares non serán as únicas coas que contará o Concello xa que, na actualidade, o

Concello ten uns paneis na cuberta da casa consistorial, estas permanecen inactivas e, aínda que o obxectivo era reducir o custe enerxético destas instalacións, as humidades están a impedir a súa posta en marcha.

paradela

A Casa Niño Pitiños mantén aberto o prazo de inscrición

A Casa Niño Pitiños de Paradelabriu o pasado 3 de marzo o prazo para inscribir aos nenos no centro.

Os interesados en solicitar praza para o vindeiro curso poderá recoller o formulario de inscrición na rúa da Veiga número 6, Paradelade 9.30 a 14.30 horas ou mediante cita previa.

O prazo de solicitude permanece aberto dende o pasado día 3 e estenderase ata o 31 do mes-

mo mes. Para máis información pódese chamar ao 638 720 162. Este servizo de atención á infancia está impulsado pola Xunta e parcialmente financiado polo fondo Feder.

Neste centro os nenos realizan diferentes actividades que promoven a súa curiosidade, creatividade e psicomotricidade final. Traballan con elementos naturais, realizan excursións e pasan un bo rato con outros nenos.

Paradela fixo público o seu Plan contra os incendios forestais

Paradela fixo público o Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais que ten como obxectivo garantir, controlar e eliminar total ou parcialmente a biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas que minimicen o risco de incendios e favorezan a seguridade das persoas.

O plan contén as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais efectuando unha análise da situación actual.

Para a realización deste plan analízase o período de tempo entre o

ano 2008 e 2017. Neste tempo, o índice de risco potencial para o concello é moderado e non está declarado como zona de alto risco. Así para o período considerado, o concello presenta unha media de 7,80 incendios ao ano e 19,11 hectáreas queimadas ao ano cun total de 78 lumes. Neses 9 anos o terreo queimado foi de 191,08 hectáreas, 69,68 arboradas e 121,40 rasas.

Neste plan dáse a coñecer que a parroquia con máis incendios foi Castro de Rei de Lemos en Santa María que contou con máis de 40 dos 78 totais.

O viveiro de empresas conta cun regulamento xa modificado

O último pleno do Concello aprobou a modificación do regulamento que ordena o funcionamento do viveiro de empresas. Despois da construción das naves no polígono industrial, na actualidade existen cinco locais baleiros para que os emprendedores poidan levar a cabo a súa actividade profesional. Co remate das obras de construción do viveiro de empresas de Paradelachegan as ofertas das distintas empresas para adquirir algunha das instalacións. Con esta última modificación no regulamento xa queda menos para que o Concello saque a concurso os cinco locais do polígono.

Unha vez saia o concurso, os interesados terán un mes para presentar as solicitudes. As instalacións estarán destinadas a aquelas empresas que aínda non estean constituídas e o fagan nun máximo de tres meses desde que se resolva o acollemento, e a aquelas empresas que teñan como máximo seis meses de idade dende a súa constitución ata a data da solicitude. É fundamental que o proxecto que presente cada empresa garanta estabilidade no emprego e na actividade que vai desenvolver, sendo esta acorde e afín as características físicas do viveiro.



Unha imaxe de arquivo da visita de Arias ao viveiro de Paradelade

ACTUACIÓN NO VIVEIRO. As actuacións no viveiro contaron cun custe final de 280.962 euros e supuxeron a urbanización do acceso, a construción de estruturas interiores, instalacións de electricidade e fontanería, carpintería, seguridade contra incendios, etc. A promoción do polígono comezou no ano 2018 coa adquisición de dúas parcelas no parque empresarial. Foi neste ano cando comezaron as obras que se viron obrigadas a paralizarse despois de que Suplusa, organismo inexistente na actualidade, non tivera os documentos en regra. No 2019

retomáronse estes traballos que deron fin no 2020.

O viveiro de empresas supón unha maneira de promover e dinamizar os negocios da vila, favorecendo a creación de novas empresas que axuden a potenciar o tecido empresarial do municipio.

As últimas obras levadas a cabo no 2021 tiñan como obxecto o de crear espazos funcionais que contén con superficie diáfana e dispoñan de recepción, vestiarios e aseos, entre outros servizos, para ofertalos a novas firmas que dean os seus primeiros pasos neste polígono.

“O orgullo máis grande que podo ter é o de ser paramés”

José Luís López López, de TDP, é o alcalde do Páramo dende 2019

Como se introduciu no mundo da política?

Pois foi un pouco de casualidade, seguindo os derroteiros da vida. A xente foimo pedindo e chegou un momento no que decidín probar esta nova experiencia.

Canto tempo leva gobernando o Páramo?

Xa levo gobernando dous anos e medio e valoro esta nova etapa positivamente, estou moi contento.

Que lle pode aportar vostede ao municipio?

Eu pódolle aportar ao Páramo seriedade, moita xustiza, interese en facer as cousas ben, en atender aos veciños e facer unha xestión coa que se cubran as necesidades dentro dos límites que temos ao ser un Concello pequeno. A honradez é moi importante e que os veciños saiban que o alcalde é un veciño máis que vai aportar todo o que pode por facer o mellor posible para os cidadáns.

Que é o que máis lle gusta do Concello?

Gústame todo. Nacín no Páramo e gústame todo o que hai nel. O orgullo máis grande que teño é ser paramés.

Que pode ofrecer O Páramo que outros concellos do arredor non?

Máis ou menos temos o que teñen todos os concellos. É verdade que estamos a traballar no campo da feira que é espectacular. Este estaba abandonado e estamos intentando recuperar os inmobles e formar algo de núcleo. Ademais, contamos con moita gandería.

Que é o que mellor se fixo no Páramo?

Eu creo que se fixeron moitas

cousas. Agora proximamente vaise arranxar as rúas e poñer beirarrúas que lles dará maior seguridade aos viandantes. Ademais, tamén se está a instalar

“No Páramo estase moito mellor que en calquera outro sitio, temos case de todo, véxolle todo positivo e nada en contra”

iluminación no campo da feira. Entre as actuacións xa feitas destaca a praza. Nós dámoslle importancia á recuperación dos



inmobles, por iso tamén arranxamos o pavillón que tiña goteiras, o antigo concello reformouse e rehabilitouse como centro social. Compramos unha nave de case 4.000 metros cunha carballeira, compramos unha casa coa idea de facer unha residencia o día que se poda. Melloráronse pistas e, recentemente, abriu a

casa do maior con 4 veciños que está funcionando moi ben.

Cal é a súa maior necesidade?

Unha residencia de anciáns que inclúa de centro de día que é o que máis falta fai. Tamén é necesario un polígono que axude a atraer novas empresas e crear emprego co que se fixe poboación no Concello.

Como se poden paliar estas carencias?

A min gústame falar dos proxectos xa terminados. Polo de agora son ideas que quero materializar e para iso estamos coas xestións e traballos previos.

Que é o que máis lle gusta da

vida política?

O contacto coa xente. Nunca fun moi político, son un namorado do Páramo, vivín sempre nel e quero traballar por el.

Cal foi a súa maior decepción nesta profesión?

Non teño nada que obxectar. Eu teño que mirar desde que che-



guei para adiante polo que non teño ningunha decepción.

Que é o que máis demandan os veciños?

De todo un pouco. Desde puntos de luz que había que poñer, melloras nas estradas. A verdade é que o saneamento precisa unha mellora. Demandan de todo e vaise atendendo o que

tellar para mellorar os servizos do Concello?

Teño mil ideas, desde seguir coas pistas grazas ao programa de bacheo que este ano conta con actuacións en 10 ou 12 estradas. Unha vez recuperados os inmobles eu vou pelexar por conseguir unha residencia de anciáns e o polígono industrial. Isto son ideas. Sería importante facer que chegue a auga en bo estado a todos os veciños. E intentar satisfacer as necesidades dos veciños, non se pode facer todo o que se pide pero o que non é posible anótase para cando se poida, intentando contentar a todos os veciños e que estes estean contentos.

Está a fomentar a vida no rural agora que se está a vivir un despoboamento?

Aquí veñen algúns novos pero desgraciadamente este ano foi complicado. Vivir do campo é moi difícil e habería que cambiar moito para que este fose un sector atractivo para as novas xeracións. Estase intentando recuperar dentro das nosas competencias que non son moitas.

Como visualiza o Páramo nun futuro?

Con máis servizos dos que ten hoxe, con máis axudas das que ten hoxe e intentando manter as explotacións, intentando darlle máis vida. O fundamental é que a xente lle colla máis apego a isto.

Algunha actividade que se teña programada nas datas próximas?

Estamos preparando as festas da primavera que terán lugar o 10, 11 e 12 de xuño. As actividades dos nenos, zumba, pilates estamos funcionando. Ademais, recentemente instalaron un caixeiro automático e haberá unha charla formativa sobre o seu funcionamento, co fin de achegar os coñecementos necesarios para o seu uso ás persoas maiores.



se pode.

Que é o máis característico ou o seu maior atractivo?

As feiras da primavera que queremos facelas este ano de novo outra vez. Tamén destacan os grandes agricultores, a fábrica de leite e queixos. O ambiente do Concello, a carballeira no campo da feira e o entorno é moi bonito potenciado polo río.

Que beneficios ten vivir no Páramo?

Para min ten moitos, recuperar a aldea, estamos cerca de Lugo. Non é que lle vexa beneficios e que non lle vexa ningún inconveniente. No Páramo estase moito mellor que en calquera outro sitio, temos case de todo, véxolle todo positivo e nada en contra.

Que novos proxectos está a ar-

O subministro eléctrico será mellorado con obras por un valor de 900.000 euros

O subministro eléctrico de Triacastela será mellorado grazas a unha inversión de máis de 900.000 euros por parte da compañía UFD, distribuidora de Naturgy. Este presuposto será investido na mellora da subestación do Concello situada na estrada que unifica Sarria con Pedrafita do Cebreiro na saída de Triacastela. Preto deste lugar, Triacastela proxecta o polígono industrial.

As actuacións suporán un incremento na seguridade xa que constarán da construción dun edificio para poder blindar os elementos de media tensión que na actualidade están ao aire libre. Isto aumentará a calidade e a fiabilidade do subministro de Triacastela, Sarria e Monforte de Lemos.

A compañía prevé comezar os traballos no vindeiro mes de

abril para rematalos antes de que remate o ano, por iso, na actualidade está tramitando os permisos necesarios para a obra.

A publicación no Boletín Oficial da Provincia e o DOG, UFD conta coa autorización da administración autonómica para unha renovación completa da subestación cun importe de 839.791,79 euros. O organismo aprobou tamén a adecuación das saídas das liñas das instalacións. Estas son sete soterradas e catro aéreas. A inversión para estes traballos será de 95.119,30 euros. O total de ámbalas dúas actuacións suman 934.911 euros, a maior inversión da UFD na zona. O prazo de realización dos traballos será de 12 meses que comezarán a contar no momento no que se conceda o último permiso administrativo.

Virginia Quiroga Montaña é a primeira centenaria do Concello de Triacastela



Celebración dos cen anos de Virginia Quiroga

O pasado 20 de febreiro, Virginia Quiroga Montaña, veciña de Triacastela cumpriu 100 anos. A avoa do Concello celebrou este día tan especial coa súa familia. Virginia Quiroga Montaña naceu en Biduedo e casou no 1944 na parroquia de Vilavella onde se asentou na casa de Carballo de Vilar. Tivo cinco fillos, tres mulleres e dous homes, catorce netos e oito bisnetos. Dous dos netos son os curas xe-

melgos de Triacastela; José Río Ramilo, cura en parroquias de Lugo e Jesús Río Ramilo, cura de parroquias do Courel e Quiroga. Adicou a súa vida ao gando e as tarefas de fogar. E aprendeu de maneira autodidacta a ler e facer contas.

A alcaldesa, Olga Iglesias, e o concelleiro Luis López Arias, visitárona no seu día na súa casa e fixéronlle entrega dunha placa conmemorativa e un detalle floral.

O mural de Mon Devane está entre os dez mellores do mundo

O mural realizado por Mon Devane en Triacastela acadou o sétimo posto na votación do The Best of 2021 Street Art Cities. A enquisa contabilizou máis de 60.000 votos de todo o mundo e tivo unha gran repercusión en medios de comunicación.

O graffiti de Triacastela forma parte dunha exposición fixa que o artista realizou en diferentes puntos do Camiño de Santiago e que consta de sete murais enormes, na que, representa a unha das persoas significativa da zona. As obras desta exposición permanente están situados no rural galego.

O artista inmortalizou en Triacastela a Xermán Arias, un lutier de Vilei que se encarga de fabricar e arranxar instrumentos musicais de corda dende o seu taller na vila de Sarria.

Street Art Cities é unha plataforma global que ten como misión



promover e documentar o arte urbano no mundo. É unha comunidade internacional que está destinada a compartir e atopar arte urbano. Proporciona información dos murais, da cidade, onde atopar os graffitis e outros datos de interese como o nome do artista, método de traballo, etc.. Están activos en case 900 ci-

dades con máis de 37.000 obras de arte.

Durante o último ano, foron compartindo os murais e traballos acadando como resultado unha selección das 100 obras de arte máis populares do 2021. Esta lista global conta con recunchos de todo o planeta, dende Dinamarca ata Sudáfrica.

O Castiñeiro de Ramil entra no catálogo de árbores senlleiras

O catálogo de árbores senlleiras incorporou un novo exemplar de castiñeiro situado ao pé do Camiño Francés, ao seu paso polo concello de Triacastela.

Durante unha visita ao lugar no que está localizada a árbore, na aldea de Ramil, a directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, e a rexedora municipal, Olga Iglesias, anunciaron que onte se publicou no DOG a resolución na que se fai pública a inclusión deste exemplar no rexistro, unha vez superados todos os trámites e en recoñecemento ás súas excepcionais características e historia.

Trátase da Castiñeira de Ramil, denominación tradicional coa que se coñece a esta árbore na zona en referencia ao seu porte e tamaño xa que, segundo explicou a alcaldesa, é común feminizar o nome dos exemplares máis grandes.

Trátase dun dos castiñeiros máis fermosos de Galicia, unha especie cunha forte presenza na Comunidade e que os estudos científicos confirman que se trata dunha variedade autóctona presente no territorio antes das últimas glaciacións. De feito, indicou que coa incorporación deste novo exemplar son xa 20 os castiñeiros que forman parte do Catálogo, a segunda especie máis representada no



mesmo tan só por detrás dos carballos, que suman 27.

Con máis de oito séculos de vida, a Castiñeira de Ramil existía cando Aymeric Picaud, autor do Códice Calixtino, realizou o Camiño de Santiago, unha antigüidade que se ve reflectida nos seus 9 metros de perímetro, 22 de altura e nunha estrutura chea de ocos imposibles e grosas pólas, que parecen abrazar a árbore.

Esta impresionante morfoloxía semella unha radiografía do paso do tempo, á vez que desde a súa privilegiada localización en Ramil, o castiñeiro dálle a benvinda aos camiñantes que chegan a diario a Triacastela na súa peregrinación cara a Santiago de Compostela.

O Catálogo galego de árbores senlleiras é unha ferramenta aberta e

en constante actualización, podendo propoñer a inclusión de elementos novos os seus propietarios, as administracións, os centros de investigación ou asociacións e aquelas entidades privadas ou públicas que teñan entre os seus fins estatutarios a protección da natureza.

De feito, desde a aprobación do seu regulamento no ano 2007, foi obxecto xa de diversas revisións e periodicamente sométese a información pública novas propostas para valorar a posible incorporación de exemplares con valores salientables, como é o caso da Castiñeira de Ramil.

Na actualidade, forman parte do Catálogo un total de 182 elementos, 144 exemplares e 38 formacións arbóreas, pertencentes a 79 especies diferentes. Na provincia de Lugo hai 34 árbores e 6 formacións.

A Cova de Cabras estaba ocupada na segunda metade do século IV

As escavacións en Cova Eirós do nivel do Paleolítico medio axudan a afondar no coñecemento sobre os neandertais que habitaron as Serras Orientais

As escavacións levadas a cabo este verán na Cova Eirós, no concello lucense de Triacastela, permiten ampliar os períodos de ocupación humana das cavidades. Así, as 50 moedas romanas atopadas na Cova das Cabras permiten documentar un nivel de ocupación, da segunda metade do século IV d.C., non rexistrado ata a data, nin en Cova Eirós, nin noutros xacementos da contorna. Nesta campaña de 2021, a intervención realizouse en dous espazos diferentes: a Cova Eirós, coa continuación da escavación dos niveis do Paleolítico medio; e a apertura de novas catas na Cova das Cabras, unha cavidade veciña a Eirós. Os traballos foron executados por membros do grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste, Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da USC, do Institut Català de Paleocologia Humana i Evolució Social de Tarragona e da Universitat Rovira i Virgili, ao abeiro dun convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

As escavacións en Cova Eirós do nivel do Paleolítico medio (Nivel 4) axudan a afondar no coñecemento sobre os neandertais que habitaron as Serras Orientais hai máis de 45.000 anos. Estes grupos utilizaron esta cova como campamento durante tempadas relativamente longas; por iso, é o nivel onde se atopa unha maior cantidade e densidade de restos arqueolóxicos como é o caso de lascas, raspadeiras e os restos da súa manufactura, empregando o cuarzo e máis a cuarcita, e usados para procesar os animais cazados, as súas peles e na fabricación de ferramentas en madeira. Estes grupos de neandertais cazaban cervos, rebezos e cabalos

nos vales e bosques próximos que logo, unha vez despegados, levaban á cavidade. Algúns destes restos óseos conservan as marcas de corte feitas coas ferramentas líticas usadas para o seu descarnado. Os restos óseos amosan que Cova Eirós tamén foi ocupada alternativamente por carnívoros que usaban a cavidade como cubil ou oseira. Este tipo de ocupacións tiveron lugar nun momento de progresivo arrefriamento e onde os osos das cavernas, rinocerontes laúdos, rebezos, corzos, cervos e xabarís abundaban nos bosques e vales próximos.

En paralelo, realizáronse traballos de fotogrametría para facer levantamentos en 3D dos paneis que conteñen arte do interior de Cova Eirós e un estudo etnolóxico dos graffitis do interior da cavidade para comprender a consideración patrimonial dos veciños de Canelo sobre Cova Eirós.


COVA DAS CABRAS

A intervención na veciña cavidade de Cova das Cabras achegou novos datos sobre o uso das cavernas de Canelo durante as épocas históricas. Na entrada escavouse unha pequena cata de 2m², onde se recuperaron numerosos restos de ovicápridos e fragmentos cerámicos de época medieval. As evidencias arqueolóxicas indican un uso agropastoril desta pequena cova durante a Idade Media, complementario ao documentado en Cova Eirós. A cova foi empregada como lugar de resguardo de ovellas e cabras durante os séculos XII-XIII d.C. Este uso da cavidade, tal e como o seu nome indica, foi continuado polos veciños de Canelo ata hai

poucas décadas.

Porén, o achado máis salientable foi realizado no extremo máis interior da cavidade, a uns 20 metros da entrada. Na cata planeada no fondo da cavidade “recuperouse un tesouriño formado por unhas 50 moedas romanas que permite documentar un nivel de ocupación, da segunda metade do século IV d.C., ata a data, non rexistrado nin en Cova Eirós nin noutros xacementos da contorna”, sinalan dende o equipo investigador. O estudo numismático feito por Santiago Ferrer Sierra permitiu identificar varias delas como follis de bronce pertencentes a Constancio II (341-346 d. C.) e a Valentiniano ou Valente (367-375 d. C.). O seu achado no fondo da Cova das Cabras, un lugar de difícil acceso, indica a clara intencionalidade do seu agochamento.

A diferenza doutros contextos, os numismas non apareceron en cerámicas ou ánforas, senón concentradas na superficie da cavidade. Iso indica que moi probablemente esas moedas estaban gardadas nunha bolsa anoada, ben de tea ou de coiro, ao non atoparse, polo de agora, fíbulas para o seu peche. Este tipo de tesouriños non é alleo a outros contextos cantábricos en cova, e son relativamente frecuentes en castros (Valencia do Sil, Viladonga) e xacementos tardorromanos da Gallaecia, salientando o ambiente de inestabilidade política e social que define o imperio romano durante o século IV. Actualmente atópanse en fase de restauración na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia para posibilitar o posterior estudo da colección completa.



COLABORACIÓNS

Para gustos

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Nunha reunión inicial cunha nai falabamos da importancia do reforzo positivo no caso do seu fillo.

E que doado me resulta a min facelo en clase, porque algúns funcionan mellor baixo presión, outras levando as cousas ao día, algúns agrandan cando as cousas se complican, abonda ver a tempada do Celta de Barreiros, e outros fanse moi pequeniños en condicións adversas, véxase o último partido de Xove. Pero se hai algo que nos unifica, sen dúbida, son os ollos vidrosos cando nos din que o estamos facendo ben. Esa palmada nas costas logo de cincuenta minutos intensos de esforzo, unha frase de alento cando levas un problema ben encamiñado. Chufar un procedemento impecable, malia que fallasen as contas. Non obstante, no meu caso, a cousa complicase can-

do atraveso o lintel da porta de Ciencias Candil. Aí desactívase o piloto automático de profesional e eloxiar as cousas positivas do meu entorno xa se me fai moita bola, como din as miñas alumnas. Cando sentaba na casa dos avós a comer, sempre ao carón de Libardo, era raro que o avó non me preguntase varias veces se me gustaba o xantar. Si, na miña casa era o avó o que me cociñaba porque á avoa non lle gustaba facelo, malia que ambos viviron a guerra coa súa consecuente educación. Apreciación totalmente innecesaria, pero que daquela era motivo de extrañeza para os meus amigos, e falo daquela coma se fose fai moitos anos cando en realidade o triste é que fai menos dunha década. Pero imos ao carozo, L. preguntaba sempre en varias ocasións a miña opinión sobre o almuerzo. Eu non entendía por que tiña sempre que repetirlle o moito que me gustaba sempre todo canto me cociñaba. Quizais non sabía da magnitude que tiñan as miñas palabras para el. A el tampouco lle gustaba



cociñar, pero si facelo para min. Porque as miñas loubanzas eran o seu único motor. Eso me gusta, a xente que trata de facer felices aos seus. A xente que non actúa polo egoísmo de agardar unha recompensa, senón aquela que fai ben porque sabe que o que desexa para os máis, é o que lle vai a deparar a vida a ela. De A. herdei o seu gusto por apuntar todo o suficientemente importante nas notas do teléfono. Por iso conectei inmediatamente con outra mestra que me

contou anecdoticamente como o técnico da tenda de móbiles a mirou raro cando todo canto quixo recuperar do aparello a piques de claudicar, eran as notas nas que apuntou con mimo durante cursos ideas de material didáctico. Eu coma ela, tamén recorro agora ás notas para que todos os que teñades algunha das cualidades que vou a mencionar vos sintades gabados por min. Gústame coma C.L. a xente que emprega pouco o peine no seu día a día, pero de verdade, a xente despeinada. Os repelinados a min tamén me aburren. A vida despeina. Gústame a xente con inquietudes, a que pon a paixón á entrega do que fai. A xente que non se move polo beneficio económico, nin pola carreira, nin pola fama, e moito menos pola vinganza personal. A que se move por impulsos, a que pon o corazón a servizo da razón. A que trata ben aos que sirven, pero que o fai tamén cando ninguén o ve. Os que comparten contigo o seu tempo, sen distraccións. Os que priorizan o físico ás pantallas. A xente que fala do mes-

mo en persoa ca por Whatsapp. Gústame as chamadas de teléfono. Que me envíen vídeos de risa e cancións que pode que me gusten. Que me recomenden libros, a pesares de que xa os lese, gústame ler o que outros pensan sobre temas dos que eu están formando unha opinión. Gústame a xente que ten a autoridade suficiente para non seguir rebaños. A xente que ten xenio, coma min. As exixentes. Os que seguen poñendo AirMax90 con cámara de aire. Gústame a xente que cheira ben, sen perfume. Os que din que si a plans que a priori non saben se lles van gustar. Os que te invitan a algo un mércores, porque si. Gústame a xente que celebra a vida. Os que quedan para descansar e falar. O espírito crítico, as caricias nas costas, as miradas furtivas, a preocupación previa por crear un clima agradable. A xente que cuida dos seus, as que disfrutan comendo e bailando. Os que levan a música alta no coche cando conducen sós. É máis que probable que me gustes ti.

Ucráina

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Por que é preciso un cambio no modelo agrogandeiro Galego e como nos afecta a xeopolítica actual.

Por desgraza estamos nun momento moi peliagado, despois do que pare que o máis forte xa pasou en Europa, agora atopámonos con unha guerra nun país europeo, Ucraína. (As causas e motivos do conflito son demasiado complexos para tratálos aquí). Ucraína é dende tempos inmemoriales (unha das causas das guerras de Troia, foi o control no mundo helenístico do paso de cereais dende as colonias gregas no que é agora Ucraína, a traveso do estreito de Dardanelos cara Grecia e tamén motivo de fortes combates polo seu control na I e II guerra mundial) é o graneiro de Europa e cando nos referimos así é por isto: no ano 2018 foi o terceiro produ-

tor mundial de trigo sarraceno (137 mil toneladas); foi o terceiro produtor mundial de patata (22,5 millóns de toneladas); foi o cuarto produtor mundial de chícharo secos (775 mil toneladas); foi o quinto maior produtor mundial de millo (35,8 millóns de toneladas); foi o sétimo produtor mundial de centeo (393 mil toneladas); foi o sétimo produtor mundial de remolacha azucreira (13,9 millóns de toneladas); foi o sétimo produtor mundial de colza (2,7 millóns de toneladas); foi o sétimo produtor mundial de cebada (7,3 millóns de toneladas); foi o noveno produtor mundial de soia (4,4 millóns de toneladas).

Falando no caso conrede Galicia, esto danos a idea da importancia que teñen pro noso sector, somos un neto comprador de cereal (España merca arredor do 42% do grao que importa a Ucraína). Isto débese a nefasta xestión da produción agrícola a nivel estado e a nivel Galicia. No caso do estado español, premiaronse produción moi dependentes de auga de produtos hortofrutícolas (chegando a



sinrazón de producir amendoas e oliveira en regadío, co despilfarro de auga en detrimento da produción cerealística en secano, ou de producir millo en León en regadío para producir bioetanol para exportar a Brasil). No caso de Galicia é aínda peor, xa que tendo na maior parte do territorio un clima benigno para producir forraxes, oleaxinosas e cereais, así como a produción con pasteiros e pastoreo (primando un enfoque de manexo sostible) primouse dende as administracións unha americanización do manexo (estabulación continuada, uso extensivo de mecanización e a compra total de

grao e concentrados). Isto que xa levamos tempo vendo que xera moitos problemas a nivel da sostibilidade económica da explotación debido o baixo custo do leite (apenas se poden cubrir os gastos) vaise vir moi agrabada nos vindeiros meses. Imos ter por un lado escaseza de cereais para a produción de concentrados, a suba da enerxía inda vai ser máis acusada, co que os gastos en combustible vaise disparar, e vai a converterse nunha tormenta perfecta, non esquezamos que ademais o resto de produtores de cereais e leguminosas e oleaxinosas aproveitarán para inflar os prezos

ainda máis. Con todo isto vemos que a política agrícola levada a cabo en Galicia foi nefasta e colocounos nunha situación insostible: dependencia da importación de cereais; demasiada dependencia de maquinaria para a produción co elevado gasto por combustible; demasiada dependencia de abonos químicos para o abonado pola excesiva intensificación da produción agrícola para alimentación animal.

Perda de terras agrarias (máis de 30.000 Ha só en Galicia ocupadas por plantacións forestais, principalmente Eucalyptus sp.)

O que precisamos é unha política de recuperación de terras agrarias, unha xestión do rural baseada na ciencia e non nas necesidades de catro empresas privadas, unha política de uso sostible do rural e de maior autosuficiencia tanto a nivel productivo como enerxético e incentivar o uso sostible tanto mediambiental como económico do noso agro, e só así poderá o noso rural e sector agrogandeiro sobrevivir a estes ciclóns que nos están a azotar.

Oda a Rosalía

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Co seu xordo e constante mormorio atraim' o oleaxen dese mar bravío, cal atrai das serenas o cantar.

–Neste meu leito misterioso e frío, dime, ven brandamente a descansar. El namorado está de min..., o deño, i eu namorada del.

Pois saldremos co empeño, que s' el me chama sin parar, eu teño unhas ansias mortais d' apousar nel.

A primeira vez que lin este poema provocou en min emocións que non sei explicar. Souben desta xoia grazas a César Morán -bo amigo e artista integral-, quen coa súa mestría e sensibilidade uniu versos e música nunha sinerxía tan perfecta que o propio poema adquiriu outra dimensión. Basta con lelo unha soa vez para percibir a súa forza dramática e expresiva. O certo é que irradia beleza a esgalla ata nos sentimentos máis sombríos. Como metamorfosear

ideas de morte e suicidio con semellante fermosura...!?

Esta marabilla foi escrita por Rosalía de Castro e forma parte do seu libro "Follas Novas", publicado en 1880. Esta obra mantén certa dimensión popular como acontece en "Cantares gallegos" e avanza en varios aspectos da épica galega da emigración, agora centrada totalmente nas mulleres (viúvas de vivos e mortos), pero especialmente tamén no mundo interior e subxectivo, onde reinan motivos coma o da negra sombra. A metapoesía e as posicións sociais avanzadas complementan unha obra de total radicalismo. Para Galicia, Rosalía é algo máis ca unha escritora. Xeración tras xeración, a súa figura é un referente que está por riba de ideas e xeografías. Ningunha outra figura literaria, cultural ou política nos une tanto arredor do sentimento de pertenza á nosa terra. Ela xerou innumerables páxinas, imaxes, cancións... Sen dúbida, unha das máis representativas visións da nosa autora foi a dada por Curros neste céle-



bre poema: "Do mar pola orela / mireina pasar / na frente unha estrela / no bico un cantar".

O debuxo dos seus perfís foi variando ao longo da historia, como variaron e evolucionaron as revisións estéticas, literarias e sociais do proxecto que ela mesma encabezou. A canonización inicial elevouna como santa e nai, nai sufridora das penas propias e das alleas, "mater" protectora, santiña dos altares do pobo. Posteriormente, arredor da poeta intimista, da poeta da sombra, da soidade, da dor e da angustia, escúlpese unha nova Rosalía, desvinculada do folclore e do mundo po-

pular. É a Rosalía profunda, metafísica, filosófica, existencial: a Rosalía da saudade. Máis tarde -arredor do Congreso Internacional de 1985- xestáronse novas perspectivas sobre a súa obra: a Rosalía patriótica e social, a dos oprimidos, a feminista... Hoxe as novas achegas desde a análise da paisaxe, as estratexias discursivas, a utilización dos cantares populares, os espazos simbólicos de transgresión e resistencia, o suxeito literario e político, a narrativa, etc. fannos ver que Rosalía de Castro resulta inesgotábel. Rosalía sempre falará, como os grandes escritores.

Para rematar a miña pequena oda a Rosalía e tendo en conta que se aproxima o 8M, quixera compartir algunhas perlas de sabedoría que nos regalou esta extraordinaria muller:

"Solo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido, desde la cuna ya, el ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre..." (Lieders, 1858).

"Decid que queréis vernos esclavas y no compañeras vuestras; decid que de un ser que siente y piensa como vosotros queréis hacer unos juguetes vanos, unas máquinas que, a medida de vuestro deseo, estén alegres..." (Flavio, 1861).

"Yo, sin embargo, soy libre, libre como los pájaros, como las brisas; como los árabes en el desierto y el pirata en la mar..." (Lieders, 1858).

"Arriba / todas, rapaciñas do lugar!, / que o sol / i a aurora xa vos vén a despertar..." (Cantares gallegos, 1863).

Que en tempos de guerra, Rosalía sempre nos acompañe.

Aos grupos de Whatsapp de pais cárgaos o demo

O PUPITRE



Julio Díaz

Desde hai tempo veño dicindo que hai un antes e un despois da creación dos grupos de Whatsapp de pais e nais nos nosos centros educativos. Estes grupos son xa parte da nosa vida cotiá como poden ser as actividades extraescolares, ou as mesmas avaliacións.

A fenda que existe entre familia e escola non se soluciona cun parche dixital, é preciso que os problemas se solventen nos espazos e tempo que se correspondan e non deixar ao azar das redes esta necesidade imperiosa de comunicación.

Pasamos do círculo á porta do colexio ou da cafetería da esquina aos grupíños de pais/nais en Whatsapp con todo o que supón un mal uso dos mesmos.

Whatsapp é unha boa ferramenta para que as familias do alumnado se comuniquen se se dá bo uso dela, é unha vantaxe

e de moita utilidade para intercambiar información, impresións, novas do centro... pero dese uso pasamos a outros que xeran multitude de problemas: intentar ser a axenda diaria dos nosos fillos/as, críticas, insultos, difamacións ou calumnias aos docentes, a outros pais e nais ou aos propios alumnos/as, difusión de rumores...

Teño visto conversacións de Whatsapp que ninguén crería. Rifas, murmuracións, recriminacións e ata ameazas con ir aos xulgados. Ben é certo que se na comunicación cara a cara poden xurdir malos entendidos, cando no grupo non se coñece verdadeiramente a moitos dos participantes é normal que se xeren conflitos, presuposicións e sobre todo mensaxes inoportunas ou incoherentes e mesmo nalgunha ocasión algún membro do grupo saca "o pé do testro" de mala maneira.

Desde que existen os "guasapeadores" hai un novo mundo da comunicación extraescolar onde o alumnado precisamente non participa e son os seus pais/nais os "artistas principais". E

"pobre" daquel alumno/a cuxos proxenitores non pertencen a un grupo, estarán desinformados e serán obxecto de crítica do resto de integrantes do mesmo. Por iso, "estar hai que estar", pensan todos/as os pais/nais.

Ata hai uns anos a través do emprego do teléfono, de notas escritas, a hora de adestramento... eran a base de información entre os pais/nais. Logo instaurouse o correo electrónico e agora o Whatsapp, que ao instante fai chegar a moitas persoas a información: aniversario de Sara, colecta para o agasallo de Antón, Manu perdeu o libro, disfraces, lea no comedor, excursión do luns, o profe hoxe xa ves... estase pasando..., un chiste, unha acusación, un insulto...

As miñas recomendacións finais son as seguintes: nunca agregues a ninguén sen consultarlle antes, non todos/as os/as pais/nais queren estar no grupo. Se o grupo comeza a utilizarse de xeito inadecuado non sexas cómplice, intenta cortar esa actitude. Dirixe calquera queixa ou suxestión directamente ao profesorado, non trates de solventalo no gru-

po. Utiliza as canles oficiais para comunicarte co centro. Escribe soamente información relevante e evita a difusión de vídeos, fotos ou imaxes de docentes, pais/nais

ou alumnos/as. Non compares as tarefas que levan os teus fillos/as coas dos seus compañeiros. Cada neno/a ten un ritmo diferente de aprendizaxe.

ELISARDO BARCALA



DEPORTES

Rematada a obra de substitución da cuberta do pavillón do Chanto



Déronse por finalizadas as obras de substitución da cuberta do Polideportivo de Sarria situado na Rúa Castelao. Malia que aínda tiña 20 anos o tellado corría o risco de levantamento con fortes ventos e, ademais, coa choiva, producíanse goteiras no interior do edificio. Tras un acordo entre o CB Sarria, a empresa adxudicataria e o Concello, chegouse ao entendemento de que as obras se executaran no horario de 8.00 horas a 18.00 horas. Desta maneira, a actividade deportiva dos sarriaos apenas se viu afectada. Tan só os máis novos tiveron que adestrar nos pavillóns dos centros educativos, debido a que o seu horario é de 16.00 a 18.00 horas. A empresa adxudicataria foi Umiametal que contou con 20 días para

a realización dos traballos que tiveron un orzamento de 57.245 euros. Ademais, aproveitouse para renovar as luces por luminarias con tecnoloxía LED. Neste pavillón realizan deporte máis de 300 anos polo que é fundamental garantir as mellores instalacións que fomenten e promoven a vida saudable e a actividades física. Estes traballos súmanse ao acondicionamento dos pavillóns dos institutos que constaron da renovación dos vestiarios con novas duchas e solo antiesbarante. Ademais, tamén se realizaron traballos de carpintería, repintado, reposición de azulexos, etc. Por outra banda, o pavillón de Oural tamén renovou a súa cuberta.

O Paradela e o Oural, únicos clasificados para loitar polo ascenso

Os equipos de Segunda Galicia remataron a fin de semana pasada a primeira fase da liga. Os enfrontamentos deixaron como resultado os equipos clasificados para loitar por xogar na primeira categoría na vindeira temporada. A esta segunda fase da liga pasaban os catro primeiros postos de cada grupo. Desta forma, no 2A son o Becerreá, o Paradela, o Milagrosa e o Antas. Quedando ás portas o Páramo que empatou a puntos co último clasificado. Por outra banda, no grupo 2B, os clasificados foron o Ferreira, o Oural o Chantada B e o Río Sil. Nesta ocasión, o Incio quedou de quinto na táboa e seguirá un ano máis en

Segunda Galicia. Para o comezo desta segunda fase, estableceuse un sistema de puntos co fin de outorgarlle certa vantaxe a aqueles grupos que conseguiron un posto máis elevado na clasificación. Desta forma o Becerreá e o Ferreira comezan con 5 puntos, o Paradela e o Oural con 3, o Milagrosa e o Chantada B con 2 e o Antas e o Río sil con 1. A competición continuará a fin de semana do 19 e 20 de marzo ao tomar este como descanso. Así, o Becerreá xogará contra o Río Sil, o Paradela contra o Oural, o Antas contra o Ferreira e o Milagrosa contra o Chantada B.

Alejandro Valverde foi o gañador da contrarreloxo do Gran Camiño

Sarria acolleu no mes de febreiro a cuarta e última etapa do Gran Camiño, unha contrarreloxo que rematou co ciclista ucraíno como gañador de etapa e con Alejandro Valverde como líder da clasificación xeral.

O deputado de Deportes, Efrén Castro, valorou “a gran resposta da veciñanza e das afeccionadas e afeccionados ao Gran Camiño. Tiñamos a responsabilidade de poñerlle o broche final á proba, e cumprimos as expectativas nun día extraordinario, coas rúas ateigadas de xente e cun desprestigio mediático co que conseguimos a proxección internacional pola que apostamos desde o inicio”.

A este respecto, sinalou que “a vitoria de Alejandro Valverde na clasificación xeral dálle aínda máis visibilidade a unha proba coa que demostramos que aquí podemos organizar e acoller grandes eventos deportivos internacionais” e felicítouse “pola participación na proba de ciclistas galegos profesionais que non



Alejandro Valverde no podio

tiveran na súa traxectoria a posibilidade de participar nunha rolda feita no país”.

O Gran Camiño converteu Sarria no escenario dun gran evento deportivo, coa presenza nas rúas dos vehículos e estruturas dos equipos participantes e dos propios ciclistas, que se preparaban para o inicio da proba antes da saída. A partir o mediodía, a expectación concentrouse arredor do itinerario da contrarreloxo,

con saída na rúa Calvo Sotelo, percorrido de case 15 quilómetros pola contorna da vila, 8 deles coincidindo co trazado do Camiño de Santiago, e na meta, na rúa do Castelo, onde Alejandro Valverde e os ciclistas galegos foron os máis aclamados. Grazas a retransmisión en directo da proba a través de Eurosport e de canles asociadas noutros continentes, as imaxes de Sarria chegaron a 180 países.

Vicepresidencia abre o prazo para solicitar as axudas para entidades deportivas

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou as bases das convocatorias de axudas de concorrencia competitiva a asociacións culturais e a clubs e entidades deportivas, coas que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo alcanzará ao tecido asociativo 700.000 euros.

A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, detallou as contías e obxectivos das convocatorias, que nos vindeiros días se publicarán no Boletín Oficial da Provincia para que as entidades poidan tramitar as solicitudes correspondentes.

No tocante á convocatoria para clubs e entidades deportivas, o investimento da Vicepresidencia da Deputación será de 500.000 euros. Establécense dúas liñas de axuda: unha destinada a sufragar gastos da actividade competitiva, cun importe que oscila entre os 300 e os 5.000 euros, con 470.000 euros, e outra dirixida á organización de eventos, con achegas entre os 300

e os 2.000 euros.

Na concesión, valóranse criterios como o número de deportistas e/ou equipos, ao rendemento deportivo ou a traxectoria do club, e tamén se formulan baremos ligados a promoción do deporte feminino e a participación de persoas con capacidades diferentes. Así mesmo, primáanse aos clubs con sede en concellos con menos de dous mil habitantes.

Maite Ferreiro sinalou que “estas subvencións son un recurso fundamental para clubs de base e afeccionados de todas as comarcas, xa que con elas financian gastos derivados de fichas, material deportivo ou transporte facilitando que rapaces e rapazas poidan practicar diferentes modalidades que se benefician nenas e nenos/rapazas e rapaces de todas as modalidades deportivas”.

O ano pasado recibiron estas axudas uns 200 clubs de base e afeccionados das distintas comarcas.

O Concello de Sarria abrirá unha bolsa de emprego de operarios para o servizo de deportes

O Concello de Sarria abrirá unha bolsa de emprego de operarios para o servizo de deportes co fin de ter unha lista de contactos cos que cubrir de maneira urxente as necesidades de persoal no departamento. As funcións destes traballadores serán preparar e coidar as superficies de xogo, así como terán labores de consellería básica, bricolaxe, encargarse do mantemento, acondicionamento, limpeza e tratamento químico das instalacións onde se realizarán as actividades deportivas. Ademais, tamén será o encargado de colocar e retirar os accesorios deportivos e de facer os cuadrantes de uso das instalacións. O prazo para presentar as solicitudes abrirase despois da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial de Provincia.

A selección do persoal levarase a cabo a través dunha oposición que contará cunha proba teórica ou práctica segundo a decisión do tribunal.

“Somos competidores pero nunca inimigos, esa é a realidade”

Jorge Fernández, coñecido como Negrete, é adestrador do SD Oural

O SD Oural leva en activo dende o ano 1983.

Como naceu o club?

O club fundouse en 1983. Xa existía antes, non como club federado pero fundárono os traballadores da fábrica de cemento da zona e os veciños do Oural. En 1983 rexistrouse e comezou a competir de maneira federada. A vinculación coa cemenreira ven dende o seu nacemento e a día de hoxe segue sendo o patrocinador do equipo. De feito, os sacos de cemento levaban o escudo do equipo.

Como sobrevive un club destas características?

Principalmente grazas a colaboración dos socios que temos e das subvencións ao deporte da Deputación xa que o Concello fai anos que non aporta. Outra cousa fundamental é o traballo da directiva.

Que deportes ofrece?

Contamos cun equipo sénior.

Teñen pensado amplialo?

Houbo categorías inferiores fai moitos anos. Cando eu empecei no club fíxeno como xuvenil pero agora a verdade tampouco hai suficiente poboación menor para xogar no Oural, ao estar ao lado de Sarria é complicado.

Como se presenta esta tempada?

Agora mesmo estamos segundos na clasificación no grupo de segunda autonómica B e vamos a loitar polo ascenso.

Cales son os obxectivos a conseguir este ano?

O obxectivo principal era a permanencia, agora que xa temos eso conseguido toca loitar polo ascenso.

Cales son os valores fundamentais do club?

O principal é ser un bo grupo humano e que se compita neste deporte nas mellores condicións posibles. Somos competidores pero nunca inimigos, esa é a realidade.

Que principios move aos deportistas?

Principalmente a amizade e o deporte. No equipo cobrar non cobran ningún entón o equipo xoga por amor ao deporte, a maioría deles forman parte dun grupo de amigos que quere xogar e competir.

Cal é o maior logro do club?

O ascenso de categoría que logramos fai cinco anos creio. Estábamos en terceira autonómica onde levabamos moitos anos e o ascenso foi o principal logro, gañando a liga claro.

Cal é o maior desafío ao que se afrontou o club?

Cando collemos a directiva o principal escollo que nos encontramos foi o tema económico. Isto é moi complicado todos os anos. Atopar a masa social co que axudar a sustentar o equipo foi moi complicado.

Como está a afrontar a situación que xera a covid? En que afectou?

Afectou na parte económica por-

que ademais de todo o que tiñamos tivemos que facer test cada 15 días co custe que isto supuxo. Tamén se tivo que reestruturar a competición para facela máis segura para os xogadores. Despois dun ano e pico sen competir foi bastante complexo.

Cantos deportistas ten na actualidade?

Agora mesmo temos 25 xogadores en plantilla que son os máximos que se poden ter, dous adestradores e dous delegados. Sobre 30 persoas.

Que actividades realiza a maiores dos adestramentos e competicións?

Antes de que viñera a Covid había unha cea para os socios ao final da tempada. Esta celebrábase o día antes das letras galegas para desfrutar cos socios e afeccionados. Levámolo facendo dende fai 5 anos.

Como chegou ao club?

Eu pertencía aos xuvenís e estiven vinculado ao club desde os 18 anos. Parei de xogar por motivos de saúde e volví a directiva como tesoureiro e adestrador.

Existe moita rivalidade entre os clubs da zona?

Si por suposto, hai clubs que teñen máis anos que nós. Entre o Incio, o Bóveda e o Brollón hai rivalidade, saudable pero haina.

Cal é o maior rival ou o encontro que máis emoción deu?

Agora mesmo eu creo que o Incio porque é un equipo onde hai xoga-



Arriba, Jorge Fernández e, debaixo, dúas imaxes do equipo

dores antigos do Oural, coñécense entre todos e sempre son encontros moi esperados tanto polos afeccionados como polos equipos.

Como se presenta a segunda fase

da competición?

Complexa porque xógase os catro primeiros contra os catro primeiros de cada grupo. Hai equipos con moitos puntos e que están moi ben fisicamente.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INCIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

DE RUTA EN RUTA

Paradela: Ruta ao Loio

Un roteiro que comeza na capitalidade e discorre ao carón do ruxir das augas e da natureza en estado puro

Esta ruta comeza na capital do municipio, a carón das piscinas municipais, e remata na parroquia de San Xoán de Loio, á beira das augas do Miño. Pódese facer tanto a pé coma en bicicleta xa que ten unha distancia de 7 quilómetros e unha duración de tres horas aproximadamente.

Comézase o camiño en Ruxidoira, ao pé do Muíño do Cabo, aínda que tamén se pode iniciar a ruta dende outros dous puntos como o parque que está detrás do parque de Saúde e dende Rodillón.

A poucos metros das piscinas, atópase un pequeno muíño restaurado, o Muíño do Cabo e a Ponte do Muíño que cruza o río, a partires deste punto xa se oe o ruxir das augas da ferverza que se pode admirar dende a Ponte da Ferverza. Segue a viaxe atravesando un ha contorna paisaxística inigualable, ringleira sen fin de árbores de idade, cores verdes e augas cristalinas, natureza en estado puro.

Se hai sorte pódense atopar no camiño compañeiros tan singulares coma son os corzos, os xabaríns, as donicelas...

Máis adiante, a uns metros, pódese descansar para beber algo de auga fresca na fonte situada a 150 metros do paseo a man esquerda para despois continuar a viaxe cara o Muíño de Pías. De volta na senda, comezará a busca do Loio, ata cruzalo na Ponte da Retorta.

O camiño segue entre ameneiros, salgueiros e carballos, ademais dos emblemáticos e ameazados acivros, ata chegar ó quilómetro 1,9 onde se observa un imponente Carballo Milenario, ó pé da ruta.

Séguese descendendo cara ó río para chegar ao Muíño da Retorta, cruzando a Ponte do Muíño da Retorta, este é o máis grande dos muíños que hai na ruta, con catro pedras de moer. Alí atopáranse cunha nova sorpresa, unha ferverza.

Despois de percorridos xa 2,5 quilómetros da ruta, entre pastos e fincas antigas chégase á encrucillada que levaría a Suar. Continúase pola senda da dereita, por un fermoso vieiro cheo de encanto, cruzando fermosas fragas de castiñeiros engaiolados co son do río cantareiro, ata acceder á Ponte de Portocaneiro.

A 200 metros á esquerda da ruta pódese visitar o Muíño de Sucastro, a esta altura xa se levarían 4100 metros percorridos nos que con algo de sorte albiscarían varios tipos de paxaros.

De volta na ruta, deixase atrás o Loio ata chegar á Capela de San Berto, Portocaneiro e pasada esta, accédese a un fermoso corgo mediante banzos instalados na parede que levan a un novo camiño de carro con vistas ó máis profundo



da ribeira e ó pobo de Igón.

De novo vólvese á ruta para avanzar ata o desvío que leva ó lugar das Ruínas do Mosteiro de Santa María de Loio, lugar onde se crea a Orde Militar dos Cabaleiros de Santiago, 12 cabaleiros que no

ano 1170 fixeron un xuramento para protexer ós peregrinos dos asaltos dos infieis. Consérvanse unicamente restos de edificacións e escaleiras, así como un sarcófago e a capela, Sta. María de Loio (Cortes), recentemente restaura-

da. O tramo final da senda leva ata a estrada LU-633, fronte a dous restaurantes onde se poden repoñer forzas coas anguías e as troitas, e mesmo admirar as impresionantes vistas das augas de Belesar.

DATOS



3 horas



7 km



Dificultade
Media

TODO EN ALIMENTACIÓN

Refrigerados y Congelados

REPRESENTACIONES CABARCOS

* Hostelería
* Colegios
* Colectividades
* Panaderías
* Tienda Tradicional

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com